Así, a autoconfianza do estudante sobre as súas calidades e a súa preparación para atopar un traballo (táboa 34) amosa valores entre 3,36 e 3,69 sobre 5 de media para todos enquisados.

Unha análise detallada amosa que a confianza que teñen nas habilidades e os coñecementos que necesitan para conseguir un futuro traballo é valorada en 3,36 sobre 5. Os estudantes das ramas de Ciencias da Saúde e os de Enxeñaría e Arquitectura son os que máis a valoran (3,77 e 3,57, respectivamente), mentres que os de Artes e Humanidades son os que menos (3,13).

Respecto das características que máis aló da formación pensan que teñen os estudantes e que poden atraer aos empregadores, a valoración é de 3,69 sobre 5. Os estudantes de Enxeñaría e Arquitectura e os de Ciencias da Saúde son os máis positivos, valorando esta afirmación ambas ramas en 3,80, seguidos dos da rama de Ciencias (3,68), dos de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,64) e dos de Artes e Humanidades (3,61).

E, en relación á crenza nas posibilidades de traballo sempre que se reúnan os requisitos esixidos polo posto, de novo a valoración media é alta, con 3,67 sobre 5. Neste caso os máis confiados son os estudantes de Enxeñaría e Arquitectura (3,84), os de Ciencias da Saúde (3,78) e os de Ciencias (3,69).

A evolución da autoconfianza dos estudantes respecto ao curso 2014/2015 mostra valores negativos na media en xeral, dende 0,07 ata 0,15 puntos. Os estudantes da rama de Enxeñaría e Arquitectura son, en xeral, os que maior decremento mostran respecto da súa autoconfianza, seguidos dos de Ciencias e, Artes e Humanidades.

Táboa 34. Autoconfianza segundo a rama de ensino (I)
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Calquera co meu nivel de habilidades e coñecementos sería demandado no mercado laboral											
3,13 (1,02)	-0,03	3,24 (0,95)	0,04	3,27 (0,96)	-0,02	3,57 (0,83)	-0,26	3,77 (0,87)	-0,09	3,36 (0,95)	-0,07
Á marxe da miña formación e experiencia laboral, teño características que poden atraer a distintas empresas/institucións											
3,61 (1,01)	-0,13	3,68 (0,99)	-0,18	3,64 (0,92)	-0,08	3,80 (0,84)	-0,31	3,80 (0,95)	-0,18	3,69 (0,92)	-0,15
Creo que podería ter calquera traballo se as miñas habilidades e experiencia sexan as requiridas para ese posto											
3,62 (1,00)	-0,33	3,69 (0,97)	-0,23	3,57 (0,96)	-0,07	3,84 (0,89)	-0,21	3,78 (0,87)	0	3,67 (0,95)	-0,12

En segundo lugar, valórase o nivel de autoconfianza dos estudantes respecto dunha adecuada inserción laboral (táboa 35), cunha valoración media entre 3,18 e 3,61 sobre 5.

En particular, a confianza no éxito que esperan ter nos procesos de selección é valorada con 3,18 sobre 5 para todos os estudantes, sendo de 3,51 a dos da rama de Ciencias da Saúde e de 3,28 a dos estudantes de Enxeñaría e Arquitectura.

Respecto da confianza no seu desenvolvemento no primeiro día de traballo, esta é valorada con 3,32 de media por todos os estudantes, sendo de 3,44 e de 3,38 a dos de Ciencias Sociais e Xurídicas e a dos de Ciencias da Saúde, respectivamente.

E, máis aínda, a contorna persoal transmítelles, de media, unha confianza para atopar emprego de 3,61. Esta valoración practicamente se repite cando

os estudantes valoran a confianza en atopalo a pesar da dificultade (3,60). En ambas afirmacións os estudantes de Enxeñaría e Arquitectura e os de Ciencias da Saúde son os que presentan as maiores valoracións.

A evolución respecto ao curso 2014/2015 destas afirmacións sobre a autoconfianza nunha adecuada inserción laboral mostra valores negativos que oscilan entre 0,02 e 0,11. Por ramas, os estudantes de Ciencias da Saúde son os que mostran unha evolución positiva en todas estas afirmacións (entre 0,10 e 0,16), fóra diso a confianza para atopar emprego que lles transmite a súa contorna persoal, que apenas mostra decremento (0,01). En xeral, a rama de Enxeñaría e Arquitectura é a que ten un maior decremento, seguida da de Artes e Humanidades e, Ciencias.

Táboa 35. Autoconfianza segundo a rama de ensino (II)
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Teño confianza en que terei éxito durante as entrevistas de traballo e os procesos de selección											
2,74 (1,09)	-0,22	3,15 (1,03)	0,13	3,17 (1,03)	0,05	3,28 (0,97)	-0,29	3,51 (1,06)	0,16	3,18 (1,04)	-0,04
Creo que me desenvolvería ben no meu primeiro día de traballo											
3,24 (1,14)	-0,15	3,02 (1,12)	-0,10	3,44 (1,08)	0,09	3,20 (1,08)	-0,20	3,38 (1,08)	0,10	3,32 (1,10)	-0,02
Quen me coñece cren que teño boas perspectivas laborais											
3,46 (1,07)	0,04	3,46 (1,09)	-0,29	3,59 (0,99)	-0,06	3,71 (0,90)	-0,21	3,79 (0,89)	-0,01	3,61 (0,98)	-0,10
Conseguir un traballo hoxe en día é difícil, pero creo que o lograrei											
3,28 (1,19)	-0,25	3,60 (1,01)	-0,09	3,57 (1,04)	-0,09	3,79 (0,88)	-0,17	3,72 (1,12)	0,10	3,60 (1,04)	-0,11

A análise segundo o xénero de todas as afirmacións anteriores sobre a autoconfianza amosa diferenzas estatisticamente significativas na maioría (táboa 36), producíndose as maiores valoracións nos homes, aínda que as diferenzas son moi pequenas. Ademais, a evolución no xénero respecto ao curso académico 2014/2015 reflicte un decremento en todas as afirmacións e en ambos os sexos.

Táboa 36. Autoconfianza segundo o xénero
-media (desviación típica) e evolución-

Homes		Mulleres	
15/16	ΔV	15/16	ΔV
Calquera co meu nivel de habilidades e coñecementos sería demandado no mercado laboral			
3,52 (0,93)	-0,12	3,26 (0,95)	-0,06
A marxe da miña formación e experiencia laboral, teño características que poden atraer a distintas empresas/institucións			
3,80 (0,92)	-0,14	3,62 (0,92)	-0,17
Teño confianza en que terei éxito durante as entrevistas de traballo e os procesos de selección			
3,42 (1,04)	-0,14	3,00 (1,01)	-0,03
Creo que me desenvolvería ben no meu primeiro día de traballo			
3,44 (1,11)	*	3,24 (1,08)	*
Conseguir un traballo hoxe en día é difícil, pero creo que o lograrei			
3,78 (1,00)	*	3,48 (1,05)	*

*Non resulta significativa no curso académico 2014/2015

3.3.2. A ambición

O estudo da ambición profesional dos estudantes revela uns valores elevados, superiores a 4 ou próximos en todas as ramas de ensino (táboa 37).

De modo detallado, os estudantes valoran que teñen claro cales son as súas metas na vida con 3,97 sobre 5, sendo os de Ciencias da Saúde e os de Ciencias Sociais e Xurídicas os que maior valoración ofrecen (4,24 e 4,00, respectivamente).

A urxencia por progresar na carreira profesional é valorada en xeral con 4,05 sobre 5, aínda que de novo son os de Ciencias da Saúde os que amosan a maior puntuación con 4,22, seguidos dos de Artes e Humanidades, con 4,18.

Ademais, a pretensión de conseguir un traballo que lles guste e non un calquera é valorada con 4,35 sobre 5. Os que neste caso amosan unha maior valoración son os estudantes de Artes e Humanidades e os de Ciencias da Saúde (4,53 e 4,52, respectivamente). Isto complétase co desexo de traballar en algo que teña un efecto importante para a sociedade (3,99), sendo os de Ciencias e os de Ciencias da Saúde os que teñen a maior puntuación media con 4,15 e 4,14, respectivamente.

En resumo, e como resposta á afirmación sobre o ambiciosos que se consideran, a puntuación media é de 3,84 sobre 5, sendo a maior valoración a dos de Artes e Humanidades, con 3,89 e a menor a dos de Ciencias, con 3,77.

Unha análise xeral da evolución da ambición dos estudantes respecto ao curso 2014/2015 reflicte un decremento en todas as afirmacións (entre 0,14 e 0,27). Destacan, con decrementos de 0,30 puntos ou superiores, a valoración de afirmacións como a claridade nas metas na súa vida que teñen os estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas; a urxencia que teñen en progresar na súa vida profesional os de Ciencias, Ciencias da Saúde e, Ciencias Sociais e Xurídicas e; o desexo de ter un traballo que realmente

lles guste, os de Artes e Humanidades. En resumo, a rama de Ciencias Sociais e Xurídicas é a que mostra en xeral un maior decremento seguida da de Ciencias da Saúde.

Táboa 37. Ambición segundo a rama de ensino
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Teño claro cales son as miñas metas na vida											
3,92 (0,98)	0,05	3,83 (1,09)	-0,05	4,00 (1,01)	-0,30	3,86 (0,99)	-0,10	4,24 (0,79)	-0,28	3,97 (1,00)	-0,20
Creo que é urxente progresar na miña carreira profesional											
4,18 (0,84)	-0,13	4,08 (0,80)	-0,33	4,06 (0,90)	-0,30	3,88 (0,90)	-0,23	4,22 (0,82)	-0,33	4,05 (0,88)	-0,27
Quero conseguir un traballo que realmente me guste, e non un calquera											
4,53 (0,76)	0,08	4,41 (0,78)	-0,27	4,28 (0,94)	-0,20	4,34 (0,77)	-0,08	4,52 (0,72)	-0,06	4,35 (0,86)	-0,14
Quero traballar en algo que teña un efecto importante na sociedade											
3,78 (1,03)	-0,48	4,15 (0,74)	-0,10	4,04 (0,96)	-0,17	3,83 (0,96)	-0,26	4,14 (0,82)	-0,23	3,99 (0,95)	-0,21
Considérome ambicioso											
3,89 (1,02)	0,06	3,77 (1,09)	0,02	3,84 (1,02)	-0,17	3,84 (0,96)	-0,19	3,87 (0,99)	-0,11	3,84 (1,01)	-0,14

As diferenzas segundo o xénero son estatisticamente significativas na ambición (táboa 38) e, neste caso, maiores para as mulleres no que respecta á claridade das metas na vida, á urxencia en progresar na carreira profesional e, ao desexo de traballar en algo con efecto positivo na sociedade.

Ademais, a evolución do xénero respecto ao curso 2014/2015 reflicte un decremento en todas as afirmacións, sendo maior nas mulleres.

Táboa 38. Ambición segundo o xénero
-media (desviación típica) e evolución-

Homes		Mulleres	
15/16	$\Delta\bar{V}$	15/16	$\Delta\bar{V}$
Teño claro cales son as miñas metas na vida			
3,90 (1,02)	-0,09	4,01 (0,98)	-0,26
Creo que é urxente progresar na miña carreira profesional			
3,94 (0,92)	-0,22	4,12 (0,85)	-0,28
Quero traballar en algo que teña un efecto importante na sociedade			
3,91 (1,00)	-0,20	4,04 (0,90)	-0,21

3.3.3. As competencias

Neste apartado analízanse as competencias dos estudantes que inflúen na súa percepción laboral.

3.3.3.1. As calidades persoais

En primeiro lugar, analízanse as calidades persoais relacionadas co autocoñecemento, a mellora persoal, a predisposición ás responsabilidades e a empatía, que ofrecen valoracións medias, en xeral, iguais ou superiores a 3,95 sobre 5 (táboa 39).

Unha análise detallada reflicte que os estudantes valoran o coñecemento que teñen dos seus sentimentos en cada momento con 3,98 sobre 5, sendo os estudantes de Ciencias da Saúde e os de Artes e Humanidades os que alcanzan a máxima valoración (4,22 e 4,04, respectivamente).

O desexo pola mellora persoal e a predisposición para aceptar responsabilidades obteñen valoracións que amosan unha actitude activa e positiva cara á melloría. Así, os estudantes manifestan que tentan corrixir as súas debilidades de forma sistemática cunha valoración media de 3,95 sobre 5, sendo esta de 4,20 no caso dos de Ciencias da Saúde. Á predisposición para aceptar responsabilidades danlles unha valoración media xeral alta, de 4,13 sobre 5, sendo os estudantes de Ciencias da Saúde os que teñen unha maior predisposición (4,20), seguidos dos de Artes e Humanidades e dos de Ciencias Sociais e Xurídicas (4,19 e 4,18, respectivamente).

Finalmente, a capacidade para entender as necesidades dos demais ten unha valoración media alta, de 4,11, aínda que os estudantes de Ciencias da Saúde, os de Artes e Humanidades e, os de Ciencias Sociais e Xurídicas ofrecen valoracións superiores (4,34, 4,19 e 4,14, respectivamente).

Táboa 39. Calidades persoais segundo a rama de ensino (I)
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇
Sei como me sinto en cada momento											
4,04 (0,88)	0,07	3,88 (0,79)	-0,43	3,98 (0,92)	-0,26	3,88 (0,85)	-0,34	4,22 (0,71)	-0,15	3,98 (0,87)	-0,25
Intento corrixir as miñas debilidades dunha forma sistemática											
3,98 (0,69)	-0,05	4,06 (0,73)	-0,14	3,96 (0,86)	-0,32	3,77 (0,89)	-0,53	4,20 (0,53)	-0,26	3,95 (0,82)	-0,32
Teño boa predisposición a aceptar responsabilidades											
4,19 (0,66)	-0,30	4,11 (0,78)	-0,16	4,18 (0,77)	-0,32	3,97 (0,82)	-0,42	4,20 (0,53)	-0,35	4,13 (0,76)	-0,33
Entendo as necesidades dos demais											
4,19 (0,69)	-0,12	4,09 (0,72)	-0,25	4,14 (0,80)	-0,27	3,94 (0,76)	-0,29	4,34 (0,61)	-0,21	4,11 (0,76)	-0,26

Estas calidades persoais teñen unha evolución negativa respecto ao curso 2014/2015 na media xeral de todas as afirmacións, con valoracións que van dende 0,25 a 0,33. A rama de Artes e Humanidades é a única que mostra unha pequena evolución positiva de 0,07 puntos ao valorar o coñecemento sobre como se senten os estudantes en cada momento. En xeral, a rama de Artes e Humanidades é a que ten un menor decremento, seguida de Ciencias da Saúde e Ciencias, respectivamente.

En segundo lugar, analízanse as calidades persoais relacionadas coa toma de decisións, que mostran valores superiores a 3,97 sobre 5 (táboa 40). Así, a capacidade de reflexionar antes de tomar decisións valóranse cun 4,05 de media, sendo os de Artes e Humanidades os que teñen unha maior valoración media (4,17) e, por contra, os de Enxeñaría e Arquitectura os que menos (3,99).

Sobre a calidade de saber prestar atención aos detalles, esta é valorada, en xeral, con 4,22, sendo os de Ciencias da Saúde os que máis alto a valoran (4,39), seguidos dos de Artes e Humanidades (4,35).

Máis aínda, a calidade de saber desenvolverse ante problemas valóranse en 3,97 sobre 5 e a de adquirir novos coñecementos en 4,02, sendo nestas calidades os estudantes de Artes e Humanidades os que maior valoración manifestan. Por último, a calidade de pensar dun modo analítico é valorada en 4,02 puntos sobre 5, sendo de novo os estudantes de Artes e Humanidades os que ofrecen unha maior valoración desta calidade (4,16).

Estas calidades persoais teñen unha evolución negativa respecto ao curso 2014/2015 na media xeral ao valorar si os estudantes reflexionan antes de tomar decisións (0,27), si prestan atención aos detalles (0,23), si lles resulta fácil resolver problemas (0,25), si teñen facilidade para adquirir

coñecementos novos (0,28) e si son capaces de pensar dun modo analítico (0,20). Ademais, esta evolución negativa o é dun modo detallado para os estudantes de cada unha das ramas de ensino, sendo os de Ciencias os que menos decremento presentan e os de Enxeñaría e Arquitectura os que máis.

Táboa 40. Calidades persoais segundo a rama de ensino (II)
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV
Reflexiono antes de tomar decisións											
4,17 (0,73)	-0,18	4,03 (0,67)	-0,09	4,05 (0,88)	-0,23	3,99 (0,86)	-0,45	4,05 (0,77)	-0,40	4,05 (0,83)	-0,27
Presto atención aos detalles											
4,35 (0,73)	-0,14	4,23 (0,81)	-0,19	4,22 (0,77)	-0,25	4,09 (0,80)	-0,31	4,39 (0,64)	-0,07	4,22 (0,77)	-0,23
Son bo na resolución de problemas											
4,09 (0,67)	-0,23	4,00 (0,67)	-0,08	3,96 (0,74)	-0,22	3,92 (0,74)	-0,39	3,96 (0,69)	-0,32	3,97 (0,73)	-0,25
Resúltame fácil adquirir novos coñecementos											
4,10 (0,75)	-0,35	4,07 (0,65)	-0,17	4,03 (0,76)	-0,23	3,91 (0,78)	-0,43	4,09 (0,68)	-0,26	4,02 (0,75)	-0,28
Penso dun modo analítico											
4,16 (0,63)	-0,07	4,15 (0,71)	-0,04	3,97 (0,84)	-0,16	4,00 (0,73)	-0,44	4,06 (0,72)	-0,17	4,02 (0,78)	-0,20

Unha análise de todas as calidades segundo o xénero reflicte, como amosa a táboa 41, diferenzas estatisticamente significativas tan só nas afirmacións relativas a prestar atención aos detalles, a entender as necesidades dos demais, a corrixir as debilidades e a ter boa predisposición a aceptar responsabilidades. Nestas calidades, a valoración media das mulleres é superior á dos homes, aínda que as diferenzas son pequenas. Pola súa

banda, a evolución destas calidades respecto ao xénero supón un decremento tamén maior no caso das mulleres.

Táboa 41. Calidades persoais segundo o xénero
-media (desviación típica) e evolución-

Homes		Mulleres	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Intento corrixir a miñas debilidades dunha forma sistemática			
3,88 (0,88)	*	4,00 (0,77)	*
Teño boa predisposición a aceptar responsabilidades			
4,05 (0,80)	-0,27	4,18 (0,73)	-0,36
Entendo as necesidades dos demais			
3,94 (0,83)	-0,21	4,23 (0,69)	-0,26
Presto atención aos detalles			
4,09 (0,83)	-0,20	4,31 (0,71)	-0,23

*Non resulta significativa no curso académico 2014/2015

3.3.3.2. As habilidades sociais

As habilidades sociais dos estudantes analízanse, en primeiro lugar, desde a perspectiva de saber relacionarse cos demais e, en segundo, desde a de ser un líder.

Os resultados das valoracións respecto das competencias en canto á relación cos demais mostran puntuacións moi próximas a 4 (táboa 42).

Sobre a capacidade de negociar e chegar a acordos mantendo as formas alcanzan valores ao redor de 4 en todos os casos. Os estudantes de Artes e Humanidades e os de Ciencias son os que presentan valoracións máis altas (4,18 e 4,06, respectivamente).

A habilidade social de saber dar a coñecer as calidades propias aos demais é valorada cun 3,95 de media, alcanzando de novo a máxima puntuación os estudantes de Artes e Humanidades, con 4,08.

Finalmente, en canto ás habilidades que posúe o estudante tanto para cuestionarse ideas propias ou doutros, como para achegar ideas novas, ambas reciben unha valoración de 3,91 e 3,96 sobre 5 puntos, respectivamente. Neste caso, os estudantes que maior puntuación media teñen en ambas cuestións son os de Artes e Humanidades, os de Ciencias e, os de Ciencias Sociais e Xurídicas, con valores ao redor de 4 puntos.

Táboa 42. Habilidades sociais segundo a rama de ensino (I)
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇
Teño capacidade para negociar e chegar a acordos mantendo as formas											
4,18 (0,74)	-0,11	4,06 (0,73)	0,01	3,97 (0,83)	-0,14	3,94 (0,81)	-0,30	3,90 (0,82)	-0,39	3,99 (0,81)	-0,18
Teño capacidade para demostrar as miñas calidades aos demais											
4,08 (0,61)	0,08	3,93 (0,76)	-0,12	3,99 (0,79)	-0,10	3,80 (0,70)	-0,38	3,94 (0,79)	-0,48	3,95 (0,75)	-0,18
Teño capacidade para cuestionar ideas propias ou alleas											
4,03 (0,78)	-0,24	4,03 (0,79)	-0,22	3,91 (0,84)	-0,07	3,84 (0,80)	-0,34	3,86 (0,79)	-0,29	3,91 (0,82)	-0,18
Teño capacidade para achegar novas ideas											
4,02 (0,76)	-0,37	3,92 (0,96)	-0,06	4,00 (0,79)	-0,04	3,88 (0,74)	-0,26	3,98 (0,65)	-0,34	3,96 (0,78)	-0,15

Estas habilidades sociais teñen unha evolución negativa respecto ao curso 2014/2015 na media xeral, con valoracións de 0,18 puntos en todas as afirmacións excepto na referida á capacidade de aportar novas ideas (0,15).

Tan só mostran unha evolución positiva os estudantes da rama de Artes e Humanidades ao valorar a capacidade de demostrar as súas calidades aos demais e os de Ciencias ao valorar a de negociar adecuadamente (0,08 e 0,01, respectivamente).

En segundo lugar, analízanse as habilidades propias dun líder (táboa 43). A habilidade de ser capaz de influír noutros é valorada en 3,77 puntos sobre 5, mentres que a de ser capaz de interpoñer a autoridade propia en 3,71. Os estudantes de Ciencias e os de Artes e Humanidades son os que consideran ter maior capacidade de mobilizar a outros (3,89 e 3,88, respectivamente), mentres que os que consideran que saben facer valer mellor a súa autoridade son os de Artes e Humanidades, seguidos por un igual dos de Ciencias Sociais e Xurídicas e, dos de Ciencias da Saúde (3,82 e 3,77, respectivamente).

Finalmente, a habilidade de ser capaz de convencer aos futuros empregadores sobre o que un vale é valorada polos estudantes con 3,83 sobre 5 de media. Os que máis alto puntúan esta habilidade son os de Ciencias da Saúde (3,91), seguidos dos de Artes e Humanidades e, dos de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,89 e 3,88, respectivamente).

Estas habilidades sociais teñen unha evolución negativa respecto ao curso 2014/2015 na media xeral en todas as valoracións, aínda que non alcanza os 0,10 puntos en ningunha delas. En particular, os estudantes da rama de Ciencias da Saúde son en xeral os que mostran un maior decremento seguidos dos de Enxeñaría e Arquitectura. Pola contra, os estudantes das ramas de Artes e Humanidades mostran unha evolución positiva en dúas das súas valoracións (0,13 e 0,28) do mesmo xeito que os de Ciencias (0,09 e 0,14).

Táboa 43. Habilidades sociais segundo a rama de ensino (II)
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV
Teño capacidade para mobilizar as capacidades doutros											
3,88 (0,80)	-0,04	3,89 (0,72)	0,09	3,78 (0,80)	-0,02	3,63 (0,88)	-0,10	3,76 (0,75)	-0,24	3,77 (0,81)	-0,04
Teño capacidade para facer valer a miña autoridade											
3,82 (0,90)	0,13	3,63 (0,92)	-0,03	3,77 (0,90)	-0,03	3,55 (0,95)	-0,25	3,77 (0,92)	-0,32	3,71 (0,92)	-0,09
Teño capacidade para convencer aos empregadores potenciais do que eu vallo											
3,89 (0,77)	0,28	3,78 (0,86)	0,14	3,88 (0,87)	-0,05	3,69 (0,82)	-0,24	3,91 (0,88)	-0,23	3,83 (0,85)	-0,07

Por último, a análise de todas as habilidades sociais anteriores segundo o xénero non amosa diferenzas estatisticamente significativas para as mulleres e os homes.

3.3.3.3. O traballo autónomo e en equipo

Neste apartado analízanse as calidades de traballar dun modo independente e en equipo. Os estudantes valoran alto a capacidade de traballar ben de forma independente (táboa 44), cunha puntuación media xeral de 4,18 sobre 5, tendo os de Artes e Humanidades e os de Ciencias valoracións superiores á media (4,46 e 4,26, respectivamente).

En canto á capacidade de expresión escrita, os estudantes valoran a capacidade para redactar informes con 3,76 sobre 5, sendo os de Ciencias os que destacan pola súa máxima valoración con 3,99 e os de Ciencias da

Saúde pola mínima con 3,68. A capacidade para escribir de forma metódica e clara, valóranas con 3,88 sobre 5, sendo agora os de Artes e Humanidades e, os de Ciencias os que teñen a maior valoración (4,00 e 3,93, respectivamente).

Táboa 44. Traballo autónomo segundo a rama de ensino
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Teño capacidade para traballar ben de forma independente											
4,46 (0,68)	-0,18	4,26 (0,76)	-0,28	4,17 (0,78)	-0,18	4,05 (0,81)	-0,39	4,13 (0,76)	-0,41	4,18 (0,78)	-0,25
Teño capacidade para redactar informes ou documentos											
3,75 (1,02)	0,20	3,99 (0,78)	-0,11	3,77 (0,89)	-0,09	3,69 (0,89)	-0,21	3,68 (0,85)	-0,35	3,76 (0,89)	-0,11
Teño capacidade para escribir de forma metódica e clara											
4,00 (0,83)	-0,05	3,93 (0,88)	-0,19	3,88 (0,90)	-0,03	3,82 (0,85)	0	3,84 (0,84)	-0,28	3,88 (0,87)	0,06

Estas competencias na capacidade de traballo autónomo mostran unha evolución negativa respecto ao curso 2014/2015 na media xeral con decrementos entre 0,06 e 0,25 puntos. A que ten un menor decremento é a capacidade de escribir de forma metódica e clara (0,06). Pola súa banda, a evolución na capacidade de traballar ben de forma independente é de 0,25 puntos e na de redactar informes de 0,11 puntos.

A continuación, analízanse as calidades de saber traballar en equipo (táboa 45). De modo xenérico, os estudantes valoran a capacidade de traballar en equipo en 4,19 de media sobre 5, sendo os valores máis altos os dos estudantes de Ciencias da Saúde e os de Ciencias (4,35 e 4,31, respectivamente).

Dun modo máis particular, a capacidade de saber relacionarse con persoas doutras razas e culturas recibe valoracións en todas as ramas superiores a 4 sobre 5, sendo as máis elevadas as dos estudantes de Artes e Humanidades (4,22) e as dos de Ciencias (4,18), e as máis baixas as dos de Enxeñaría e Arquitectura (4,01).

A capacidade de expresarse verbalmente é valorada coa máxima puntuación polos estudantes de Artes e Humanidades con 4,04, tendo a menor valoración os de Enxeñaría e Arquitectura con 3,64.

Unha última capacidade de traballo en equipo é a de saber expresarse de modo oral. En particular, a realización de presentacións orais puntúana cun valor medio de 3,60 sobre 5, destacando os estudantes de Ciencias (3,82).

Táboa 45. Traballo en equipo segundo a rama de ensino
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇	15/16	Δ∇
Teño capacidade para traballar ben en equipo											
4,09 (0,85)	0,23	4,31 (0,69)	-0,23	4,18 (0,80)	-0,19	4,16 (0,71)	-0,17	4,35 (0,69)	-0,22	4,19 (0,77)	-0,15
Teño capacidade para interactuar con persoas de diferentes orixes culturais, relixións e etnias											
4,22 (0,89)	-0,07	4,18 (0,82)	0,01	4,16 (0,89)	0,15	4,01 (0,92)	0,03	4,13 (0,89)	-0,13	4,13 (0,89)	0,07
Teño capacidade para expresar verbalmente as miñas ideas a outros											
4,04 (0,76)	-0,06	3,84 (0,88)	-0,04	3,92 (0,89)	0	3,64 (0,95)	-0,13	3,94 (0,76)	-0,34	3,87 (0,89)	-0,06
Teño capacidade para realizar presentacións orais											
3,65 (1,05)	-0,10	3,82 (0,99)	0,06	3,68 (0,99)	0	3,33 (1,06)	-0,29	3,54 (1,05)	-0,21	3,60 (1,03)	-0,08

Estas competencias na capacidade de traballo en equipo mostran unha evolución positiva respecto ao curso 2014/2015 na media xeral na capacidade de interactuar con persoas doutras culturas de 0,07 puntos. Pola contra, a capacidade de traballar ben en equipo mostra un decremento de 0,15 puntos, a capacidade de expresar verbalmente as ideas a outros de 0,06 puntos, e a de realizar presentacións orais de 0,08 puntos. En particular, son os estudantes de Artes e Humanidades e os de Ciencias Sociais e Xurídicas os que mostran unha maior evolución nestas competencias.

Un estudo sobre o xénero nestas competencias de traballo autónomo e en equipo mostra diferenzas estatisticamente significativas para as competencias que se amosan na táboa 46, con valoracións medias algo superiores para as mulleres que para os homes. Así mesmo, a evolución respecto ao xénero destas competencias reflicte un decremento en ambos os sexos, sendo algo superior nos homes.

Táboa 46. Traballo autónomo e en equipo segundo o xénero

Homes		Mulleres	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Teño capacidade para traballar ben de forma independente			
4,13 (0,75)	-0,25	4,21 (0,80)	-0,24
Teño capacidade para redactar informes ou documentos			
3,66 (0,92)	-0,17	3,84 (0,87)	-0,06
Teño capacidade para escribir de forma metódica e clara			
3,80 (0,89)	-0,05	3,94 (0,85)	-0,04
Teño capacidade para traballar ben en equipo			
4,11 (0,81)	-0,16	4,25 (0,74)	-0,13

3.3.3.4. A adaptación

A capacidade de adaptación amosa que os estudantes manifestan valores próximos a 4 en todas as afirmacións (táboa 47).

Unha análise en detalle revela que os estudantes de Artes e Humanidades, os de Ciencias e, os de Ciencias Sociais e Xurídicas son os que teñen maior capacidade para enfrontarse a situacións non esperadas, así como para adaptarse facilmente a elas.

A capacidade para traballar baixo presión é valorada con 3,72 sobre 5, sendo de novo os estudantes de Artes e Humanidades os que amosan unha maior valoración (3,84).

Finalmente, a capacidade de conseguir información para resolver problemas é valorada en xeral con 3,99, sendo as valoracións dos estudantes de todas as ramas superiores á media, con excepción dos estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,95).

Estas competencias na capacidade de adaptación mostran unha evolución negativa respecto ao curso 2014/2015 con valoracións entre 0,14 e 0,21 puntos, sendo tamén negativas para os estudantes de cada unha das ramas de ensino. Así, a capacidade de enfrontarse a novas situacións decrece 0,14 puntos do mesmo xeito que a de adaptarse ffacilmente a novas situacións; a capacidade de traballar baixo presión decrece 0,21 puntos e a de conseguir información ante os problemas 0,16 puntos. En particular, os estudantes da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas son os que mostran o menor decremento, seguidos dos de Ciencias da Saúde.

Táboa 47. Adaptación segundo a rama de ensino
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV
Teño capacidade para enfrontarme a situacións non esperadas											
3,95 (0,79)	-0,15	3,85 (0,92)	-0,07	3,86 (0,82)	-0,01	3,80 (0,81)	-0,43	3,78 (0,72)	-0,24	3,85 (0,82)	-0,14
Teño capacidade para adaptarme facilmente a novas situacións											
4,02 (0,82)	-0,25	4,04 (0,88)	-0,21	3,99 (0,83)	-0,02	3,97 (0,70)	-0,32	3,94 (0,69)	-0,26	3,99 (0,79)	-0,14
Teño capacidade para traballar baixo presión											
3,84 (1,03)	-0,32	3,69 (1,02)	-0,46	3,72 (0,96)	-0,05	3,71 (0,96)	-0,48	3,66 (0,97)	-0,14	3,72 (0,97)	-0,21
Teño capacidade para conseguir información para resolver problemas											
4,05 (0,71)	-0,31	4,01 (0,79)	-0,26	3,95 (0,77)	-0,06	4,04 (0,72)	-0,28	4,05 (0,55)	-0,24	3,99 (0,74)	-0,16

A análise segundo o xénero das afirmacións anteriores respecto da capacidade de adaptación (táboa 48) mostra diferenzas estatisticamente significativas na capacidade de adaptarse a novas situacións e na de traballar baixo presión. No primeiro caso é maior para as mulleres e, no segundo, maior para os homes; aínda que as diferenzas son pequenas.

Táboa 48. Adaptación segundo o xénero
-media (desviación típica) e evolución-

Homes		Mulleres	
15/16	ΔV	15/16	ΔV
Teño capacidade para adaptarme facilmente a novas situacións			
3,96 (0,80)	*	4,01 (0,79)	*
Teño capacidade para traballar baixo presión			
3,76 (0,90)	*	3,69 (1,02)	*

*Non resulta significativa no curso académico 2014/2015

3.3.3.5. A eficacia

Estas competencias analizan a eficacia na organización e planificación de tarefas, estando as valoracións medias entre 3,72 e 4,36 sobre 5 puntos (táboa 49). Así, a eficacia no uso do tempo mostra unha valoración de 3,72 puntos sobre 5 para todos os estudantes, destacando os de Ciencias da Saúde cunha puntuación de 3,94.

En relación ás capacidades, tanto de saber planificar tarefas como de saber coordinalas, en ambas, son os estudantes de Ciencias da Saúde os que maior valoración ofrecen (4,07 e 4,06, respectivamente) e, pola contra, son os de Enxeñaría e Arquitectura os que menor (3,66 e 3,82, respectivamente). Por último, e como mostra destes resultados de eficacia, a percepción de ser responsable amosa unha valoración xeral media de 4,36 sobre 5, sendo os que perciben ser máis responsables de novo os estudantes de Ciencias da Saúde (4,58), seguidos dos de Artes e Humanidades (4,46).

Táboa 49. Eficacia segundo a rama de ensino
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Teño capacidade para usar o tempo de forma efectiva											
3,75 (1,05)	-0,15	3,80 (0,94)	-0,05	3,71 (0,95)	-0,17	3,60 (0,94)	-0,25	3,94 (0,76)	-0,32	3,72 (0,95)	-0,19
Teño capacidade para planificar as miñas tarefas											
3,87 (0,96)	-0,08	3,91 (0,97)	0,13	3,83 (0,94)	-0,12	3,66 (0,92)	-0,31	4,07 (0,68)	-0,36	3,83 (0,93)	-0,15
Teño capacidade para coordinar actividades											
3,98 (0,81)	-0,03	3,93 (0,90)	-0,09	3,95 (0,81)	-0,04	3,82 (0,84)	-0,22	4,06 (0,56)	-0,28	3,93 (0,81)	-0,10
Son unha persoa responsable											
4,46 (0,61)	-0,05	4,36 (0,80)	-0,13	4,37 (0,76)	-0,24	4,23 (0,77)	-0,28	4,58 (0,56)	-0,17	4,36 (0,74)	-0,22

Estas competencias sobre a eficacia nas tarefas mostran, respecto das valoracións do curso 2014/2015, unha evolución negativa en todas as afirmacións en xeral e, en particular, para cada unha das ramas de ensino. Destaca a excepción dos estudantes da rama de Ciencias ao valorar a capacidade para planificar as tarefas cunha evolución positiva de 0,15 puntos. En particular, os estudantes que mostran un menor decremento na valoración da eficacia son os da rama de Ciencias seguidos dos de Artes e Humanidades.

A análise por xénero das competencias que valoran a eficacia amosa que todas as afirmacións son estatisticamente significativas e con valores máis altos na media nas mulleres (táboa 50). Ademais, a evolución da eficacia segundo o xénero supón un decremento en todas elas en ambos sexos, sendo maior para as mulleres, coa excepción da capacidade para usar o tempo de forma efectiva, maior para os homes.

Táboa 50. Eficacia segundo o xénero
-media (desviación típica) e evolución-

Homes		Mulleres	
15/16	ΔV	15/16	ΔV
Teño capacidade para usar o tempo de forma efectiva			
3,62 (0,95)	-0,13	3,97 (0,94)	-0,02
Teño capacidade para planificar as miñas tarefas			
3,65 (0,95)	-0,10	3,95 (0,90)	-0,15
Teño capacidade para coordinar actividades			
3,82 (0,80)	-0,08	4,01 (0,81)	-0,09
Son unha persoa responsable			
4,20 (0,80)	-0,11	4,47 (0,67)	-0,25

3.3.4. A formación

Neste apartado analízase a valoración do estudante dos resultados alcanzados no grao e da formación ao longo da vida.

3.3.4.1. O desempeño nos estudos

A táboa 51 mostra que a valoración dos estudantes dos resultados alcanzados no grao é positiva, con valores que van desde 3,39 ata 3,83 sobre 5.

En particular, os estudantes perciben, cunha valoración de 3,47 sobre 5, que conseguen altas cualificacións e, cunha valoración de 3,59, que dominan a súa área de estudos. En ambos os casos, son os estudantes de Ciencias da Saúde os que teñen unha maior valoración, seguidos dos de Artes e Humanidades.

Ademais, afirman con 3,39 que están satisfeitos co seu rendemento académico ata o momento, sendo as diferenzas entre os estudantes segundo a rama de ensino, significativas. Os estudantes de Ciencias da Saúde son os máis satisfeitos, cunha valoración de 3,75 sobre 5, seguidos dos de Artes e Humanidades (3,50), sendo os de Enxeñaría e Arquitectura os menos satisfeitos (3,21).

Por último, os estudantes afirman con 3,83 que os resultados deste desempeño están apoiados por unha responsabilidade ao considerar os estudos como algo prioritario para eles. De novo os estudantes de Ciencias da Saúde son os que con maior valoración manifestan esta prioridade (4,13), sendo os de Ciencias Sociais e Xurídicas os que menos (3,77).

As valoracións en xeral destas competencias sobre o desempeño nos estudos mostran unha evolución negativa con respecto ás do curso 2014/2015 en todas as afirmacións con valoracións entre 0,15 e 0,24 puntos. Ademais, este decremento mantense para os estudantes de todas as ramas, coa excepción dos da rama de Ciencias que mostran unha evolución positiva en todas as afirmacións (entre 0 e 0,34 puntos) excepto ao considerar o seu traballo académico como unha prioridade, que decrece 0,17. Tamén é positiva a evolución para os da rama de Enxeñaría e Arquitectura ao valorar a satisfacción co seu rendemento académico (0,01).

Táboa 51. Desempeño nos estudos segundo a rama de ensino
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV
Consigo altas cualificacións											
3,58 (0,79)	-0,38	3,42 (0,93)	0	3,51 (0,86)	-0,17	3,25 (0,91)	-0,01	3,68 (0,84)	-0,46	3,47 (0,88)	-0,16
Domino a miña área de estudos											
3,75 (0,85)	-0,22	3,62 (0,81)	0,03	3,57 (0,85)	-0,13	3,43 (0,79)	-0,22	3,81 (0,73)	-0,31	3,59 (0,83)	-0,15
Estou satisfeito co meu rendemento académico ata o momento											
3,50 (1,17)	-0,18	3,22 (1,07)	0,34	3,42 (1,05)	-0,33	3,21 (1,07)	0,01	3,75 (0,97)	-0,59	3,39 (1,07)	-0,22
Considero o meu traballo académico unha prioridade											
3,88 (1,00)	-0,52	3,83 (0,93)	-0,17	3,77 (0,95)	-0,27	3,82 (0,83)	-0,08	4,13 (0,77)	-0,19	3,83 (0,92)	-0,24

A análise do desempeño no grao segundo o xénero amosa que todas as afirmacións son estatisticamente significativas, fóra da do dominio da área de estudos, sendo todas elas maiores para as mulleres que para os homes

(táboa 52). Así mesmo, a evolución do xénero respecto ao curso académico 2014/2015 é, en todas as afirmacións, negativa e maior nas mulleres.

Táboa 52. Desempeño nos estudos segundo o xénero
-media (desviación típica) e evolución-

Homes		Mulleres	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Consigo altas cualificacións			
3,35 (0,90)	-0,04	3,55 (0,85)	-0,21
Estou satisfeito co o meu rendemento académico ata el momento			
3,23 (1,11)	-0,05	3,51 (1,03)	-0,27
Considero o meu traballo académico unha prioridade			
3,68 (0,91)	-0,05	3,94 (0,91)	-0,30

3.3.4.2. A formación continua

O compromiso dos estudantes con formarse de maneira complementaria ao grao e ao longo da vida obtén valoracións entre 3,73 e 4,25 sobre 5 (táboa 53).

En particular, os estudantes afirman completar os seus coñecementos con outros externos aos do centro universitario onde estudan cunha puntuación media de 4 sobre 5, destacando os de Ciencias da Saúde con 4,36.

Tamén afirman ter coñecementos doutras áreas de estudo diferentes das do grao que cursan, cunha valoración media de 3,73 sobre 5, estando todas as ramas ao redor da media, coa excepción dos de Ciencias con 3,89.

Finalmente, os estudantes valoran con 4,25 puntos sobre 5 o seu desexo de seguir formándose ao longo da súa vida, sendo a máxima valoración a dos

estudantes de Ciencias da Saúde (4,62), seguidos dos de Artes e Humanidades e, dos de Ciencias con 4,35 e 4,26, respectivamente.

Estas valoracións sobre a formación continua mostran, comparadas coas do curso 2014/2015, unha evolución negativa tanto de modo xeral como para os estudantes de cada unha das ramas ao valorar a responsabilidade de mellorar os coñecementos fora do centro universitario (0,30), a posesión de coñecementos de áreas diferentes ás do grado cursado (0,18) e a disposición a seguir formándose nun futuro (0,21). Os estudantes que mostran un decremento menor son os Ciencias seguidos dos de Ciencias da Saúde.

Táboa 53. Formación continua segundo a rama de ensino
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Responsabilízome de manter e mellorar os meus coñecementos fóra do centro universitario											
4,07 (0,98)	-0,48	4,09 (0,87)	-0,08	3,95 (0,90)	-0,30	3,90 (0,90)	-0,32	4,36 (0,74)	-0,29	4,00 (0,90)	-0,30
Teño coñecementos doutras áreas de estudo diferentes aos da miña carreira											
3,72 (1,09)	-0,28	3,89 (0,99)	-0,08	3,71 (1,07)	-0,13	3,72 (1,03)	-0,29	3,76 (1,20)	-0,13	3,73 (1,07)	-0,18
Gustaríame seguir formándome ao longo da miña vida											
4,35 (0,85)	-0,25	4,26 (0,80)	-0,32	4,19 (0,88)	-0,23	4,20 (0,80)	-0,13	4,62 (0,65)	-0,21	4,25 (0,84)	-0,21

A análise da formación continua segundo o xénero (táboa 54) mostra diferenzas estatisticamente significativas para todas as afirmacións e a favor das mulleres. Por outra banda, a evolución no xénero respecto ao curso

académico 2014/2015 reflicte un decremento en ambos os sexos e, en particular, maior nas mulleres.

Táboa 54. Formación continua segundo o xénero
-media (desviación típica) e evolución-

Homes		Mulleres	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Responsabilízome de manter e mellorar os meus coñecementos fóra do centro universitario			
3,35 (0,90)	-0,75	3,55 (0,85)	-0,85
Teño coñecementos doutras áreas de estudo diferentes aos da miña carreira			
3,23 (1,11)	*	3,51 (1,03)	*
Gustaríame seguir formándome ao longo da miña vida			
3,68 (0,91)	-0,57	3,94 (0,91)	-0,64

*Non resulta significativa no curso académico 2014/2015

3.3.5. A procura de emprego

Este apartado analiza o coñecemento que os estudantes teñen sobre o momento da procura de emprego, así como o coñecemento sobre a elaboración do currículo e a actitude cara á entrevista de traballo.

3.3.5.1. O coñecemento na procura de emprego

O coñecemento dos estudantes sobre o momento da procura de emprego analízase, en primeiro lugar, respecto ao que teñen sobre o que queren facer nese momento; e, en segundo lugar, respecto ao que teñen das actuacións que son necesarias para atopar traballo.

Así, en primeiro lugar e de modo xeral, os estudantes mostran valoracións altas sobre o coñecemento que teñen do que queren cando busquen un emprego, atopándose estas entre 3,52 e 4,03 sobre 5 puntos (táboa 55).

De modo detallado, os estudantes valoran en 3,52 sobre 5 o coñecemento que teñen sobre o que queren facer ao terminar a carreira. Os estudantes de Ciencias da Saúde son os que máis claro afirman ter esta decisión (3,85), seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,58).

Respecto ao coñecemento que os estudantes afirman posuír respecto do que pretenden conseguir na súa vida laboral máis aló do económico, a valoración media xeral é de 4,03 sobre 5, sendo esta valoración superior á media para os estudantes das ramas de Ciencias da Saúde (4,23), os de Artes e Humanidades (4,14) e, os de Ciencias Sociais e Xurídicas (4,07).

Por último, os estudantes valoran con 3,64 sobre 5 puntos o coñecemento que teñen sobre cales son os traballos afíns á súa personalidade, sendo os estudantes de Ciencias da Saúde os que ofrecen unha maior valoración (3,81) seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,76).

Este coñecemento que teñen do que queren cando busquen un emprego mostra, comparado coas valoracións do curso 2014/2015, unha evolución en xeral negativa con valoracións entre 0,06 e 0,19. Con todo, a evolución é positiva para os estudantes da rama de Artes e Humanidades ao valorar o coñecemento que teñen sobre o que queren facer ao terminar a carreira (0,23) e nula para os de Enxeñaría e Arquitectura. Tamén, para estes últimos é positiva a evolución do coñecemento dos traballos que se adaptan á súa personalidade (0,09).

Táboa 55. Coñecemento na procura de emprego segundo a rama de ensino (I) -media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	$\Delta \nabla$	15/16	$\Delta \nabla$	15/16	$\Delta \nabla$	15/16	$\Delta \nabla$	15/16	$\Delta \nabla$	15/16	$\Delta \nabla$
Sei o que quero facer cando remate a carreira											
3,57 (1,21)	0,23	3,38 (1,23)	-0,09	3,58 (1,16)	-0,16	3,29 (1,18)	0	3,85 (1,04)	-0,47	3,52 (1,17)	-0,11
Ademais de diñeiro, sei o que quero da miña vida laboral											
4,14 (0,81)	-0,16	3,90 (1,03)	-0,34	4,07 (0,92)	-0,18	3,88 (0,94)	-0,17	4,23 (0,68)	-0,23	4,03 (0,91)	-0,19
Sei que tipo de traballos se adaptan a miña personalidade											
3,55 (1,02)	-0,07	3,42 (1,16)	-0,12	3,76 (0,98)	-0,05	3,41 (0,98)	0,09	3,81 (0,93)	-0,39	3,64 (1,01)	-0,06

En segundo lugar, o coñecemento dos estudantes sobre as actuacións que son necesarias para atopar traballo (táboa 56) mostra resultados con valoracións xerais entre 3,17 e 3,54 sobre 5.

En particular, o coñecemento que teñen do que se require para conseguir o traballo que lles gustaría obtén unha valoración xeral de 3,54, aínda que os estudantes de Ciencias da Saúde son os que máis alto o puntúan, con 3,74, sendo os que menos os de Enxeñaría e Arquitectura, cunha valoración de 3,28.

O coñecemento sobre os medios necesarios para atopar traballo é valorado con 3,17 sobre 5, sendo os que maior coñecemento afirman ter os de Ciencias da Saúde (3,37), seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas (3,27). Estas dúas ramas tamén son as que manifestan ter o maior coñecemento sobre onde atopar información do traballo que desexan (3,48 e 3,44, respectivamente).

A evolución respecto nas valoracións do curso 2014/2015 destas competencias sobre o coñecemento que teñen os estudantes sobre as actuacións que son necesarias para atopar traballo é, en xeral, negativa. Pola contra, dun modo detallado, destaca a evolución positiva para os estudantes da rama de Artes e Humanidades en todas as afirmacións (entre 0,05 e 0,42); para os de Ciencias, excepto ao valorar o coñecemento do que se require para conseguir o traballo que queren e; para os de Enxeñaría e Arquitectura ao valorar o coñecemento sobre onde atopar información dos traballos desexados.

Táboa 56. Coñecemento na procura de emprego segundo a rama de ensino (II) -media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV
Sei o que se require para conseguir o traballo que quero ter											
3,69 (1,07)	0,42	3,31 (1,15)	-0,16	3,62 (1,06)	-0,28	3,28 (1,05)	-0,05	3,74 (0,98)	-0,61	3,54 (1,08)	-0,18
Creo que coñezo ben os medios que existen para buscar emprego											
2,95 (1,09)	0,05	2,92 (0,99)	0,17	3,27 (1,01)	-0,15	3,09 (0,99)	-0,21	3,37 (1,04)	-0,14	3,17 (1,02)	-0,13
Sei onde atopar información acerca dos traballos que me interesan											
3,10 (1,14)	0,26	3,15 (1,16)	0,10	3,44 (1,05)	-0,06	3,22 (1,04)	0,09	3,48 (1,09)	-0,23	3,33 (1,08)	-0,01

A análise do xénero no coñecemento na procura de emprego revela diferenzas estatisticamente significativas entre homes e mulleres (táboa 57), e neste caso, algo maiores nas mulleres, excepto no coñecemento dos traballos que se adaptan á personalidade, case similar en ambos os sexos. Ademais, a evolución no xénero tan só amosa un decremento para as mulleres no coñecemento do necesario para conseguir o traballo desexado.

Táboa 57. Coñecemento na procura de emprego segundo o xénero -media (desviación típica) e evolución-

Homes		Mulleres	
15/16	$\Delta\bar{V}$	15/16	$\Delta\bar{V}$
Sei o que quero facer cando remate a carreira			
3,46 (1,16)	*	3,57 (1,18)	*
Sei que tipos de traballos se adaptan a miña personalidade			
3,65 (0,95)	*	3,63 (1,05)	*
Sei o que se require para conseguir o traballo que quero ter			
3,50 (1,05)	0	3,56 (1,09)	-0,28

*Non resulta significativa no curso académico 2014/2015

3.3.5.2. O currículo e a entrevista de traballo

Neste subapartado analízase o coñecemento sobre a redacción e entrega do currículo e, en segundo lugar, sobre a actitude nunha entrevista de traballo.

Respecto ao currículo, os estudantes valoran con 3,62 sobre 5 a súa capacidade de elaborar un bo currículo, sendo os de maior puntuación os estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas, con 3,75 (táboa 58). Da mesma maneira, todos están de acordo na necesidade de adaptar o currículo de acordo co traballo solicitado (3,89 sobre 5), destacando neste caso os estudantes de Artes e Humanidades (4,11). Finalmente, valoran en xeral en 3,91 puntos sobre 5 a opción de entregar en persoa o currículo naquelas empresas ou institucións onde lles gustaría traballar, puntuándoa por encima desta media os estudantes de todas as ramas fóra dos de Enxeñaría e Arquitectura, con 3,80.

A evolución respecto das valoracións do curso 2014/2015 sobre a elaboración e entrega do curriculum é en xeral negativa, con decrementos entre 0,14 e 0,28. Dun modo detallado, destaca a evolución positiva cando

se refiren a saber elaborar un curriculum no caso dos estudantes das ramas de Ciencias (0,17) e dos de Artes e Humanidades (0,01). En xeral, a rama que mostra un menor decremento é a Ciencias seguida da de Ciencias da Saúde.

Táboa 58. Currículo segundo a rama de ensino
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Sei elaborar un currículo vitae											
3,62 (1,14)	0,01	3,63 (1,12)	0,17	3,75 (1,02)	-0,17	3,37 (1,14)	-0,24	3,53 (1,17)	-0,05	3,62 (1,09)	-0,14
Creo que debo adaptar o meu currículo de acordo coas características de cada oferta de traballo											
4,11 (0,84)	-0,025	3,90 (1,08)	-0,24	3,91 (0,98)	-0,18	3,77 (1,00)	-0,07	3,81 (0,93)	-0,25	3,89 (0,98)	-0,17
Penso ir en persoa ás empresas/institucións nas que me gustaría traballar											
3,96 (0,93)	-0,26	3,99 (0,87)	-0,21	3,92 (0,96)	-0,31	3,80 (0,92)	-0,31	4,05 (0,86)	-0,10	3,91 (0,93)	-0,28

En segundo lugar, en relación ás entrevistas de traballo, a táboa 59 amosa, por unha banda, que os estudantes pensan preguntar as súas dúbidas na entrevista, cunha valoración xeral media de 3,75 sobre 5, estando as valoracións entre 3,57 para os de Enxeñaría e Arquitectura e 4,02 para os de Ciencias da Saúde. Ademais, afirman que resaltarán as súas calidades, cunha puntuación xeral media de 3,98, oscilando as valoracións por rama entre 3,86 para os de Enxeñaría e Arquitectura e 4,09 para os de Artes e Humanidades.

A evolución en xeral respecto ao curso 2014/2015 nas valoracións medias sobre a entrevista de traballo é negativa (0,25 e 0,26), sendo tamén negativa

para cada unha das ramas. En particular, o maior decremento móstrano os estudantes de Enxeñaría e Arquitectura cando valoran tanto si pensan preguntar as súas dúbidas (0,45) coma se pensan resaltar as súas calidades (0,36).

Táboa 59. Entrevista de traballo segundo a rama de ensino
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Preguntarei as miñas dúbidas durante unha entrevista de traballo											
3,75 (0,90)	-0,20	3,84 (0,86)	-0,28	3,76 (1,00)	-0,20	3,57 (0,99)	-0,45	4,02 (0,89)	-0,09	3,75 (0,97)	-0,25
Nun proceso de selección resaltarei as miñas calidades											
4,09 (0,74)	-0,18	4,00 (0,85)	-0,05	4,00 (0,85)	-0,24	3,86 (0,86)	-0,36	4,07 (0,83)	-0,28	3,98 (0,84)	-0,26

O estudo do xénero respecto ao currículo e a entrevista de traballo (táboa 60), mostra diferenzas significativas tan só nas referentes ao currículo, con valores maiores nas mulleres, aínda que as diferenzas son pequenas. Así mesmo, a evolución destas afirmacións respecto ao curso académico 2014/2015 reflicte un decremento en ambos sexos, sendo maior para as mulleres na necesidade de adaptar o currículo a cada oferta de traballo.

Táboa 60. Currículo e entrevista de traballo segundo o xénero
-media (desviación típica) e evolución-

Homes		Mulleres	
15/16	$\Delta\nabla$	15/16	$\Delta\nabla$
Creo que debo adaptar o meu currículo de acordo coas características de cada oferta de traballo			
3,82 (0,97)	-0,09	3,94 (0,99)	-0,20
Penso ir en persoa ás empresas/institucións nas que me gustaría traballar			
3,83 (0,90)	*	3,97 (0,95)	*

*Non resulta significativa no curso académico 2014/2015

3.3.6. A experiencia laboral

Este apartado só foi contestado na enquisa por aqueles estudantes que teñen experiencia laboral, con independencia de que esta teña ou non afinidade co grao cursado e do tipo de contrato que tivesen (en prácticas, temporal, por obra, indefinido, etc.).

En particular, os estudantes valoran con 3,17 sobre 5 a proximidade da súa experiencia laboral co grao cursado (táboa 61), sendo os de Ciencias da Saúde os que afirman ter unha experiencia laboral máis afín ao seu grao (3,44) e, pola contra, os estudantes de Ciencias foron os que tiveron unha experiencia menos vinculada coa titulación que están a cursar (3,06).

Ademais, afirman que lles valeu para poñer en práctica os coñecementos adquiridos no grao (3,10) destacando de novo, coa maior valoración, os de Ciencias da Saúde (3,17) e os de Enxeñaría e Arquitectura, coa menor (2,97).

Así mesmo, a valoración media dos enquisados cando analizan se aprenderon grazas a ela é de 3,71 sobre 5 puntos, sendo os estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas os que alcanzan unha maior valoración (3,77).

Os estudantes valoran nun 2,57 sobre 5 si a experiencia lles valeu para atopar un bo traballo, destacando os de Ciencias da Saúde con 2,77. E, en definitiva, a valoración global da experiencia laboral é positiva, sendo a puntuación media de todos os enquisados dun 3,94 sobre 5 puntos, aínda que destacan con valoracións por encima da media os estudantes de Ciencias (4,05), os de Ciencias da Saúde (4,04) e, os de Artes e Humanidades (4,02).

A evolución nestas afirmacións sobre a experiencia laboral respecto ao curso 2014/2015 ten en xeral variacións moi pequenas. Así, é negativa ao valorar si está relacionada coa carreira que estudan (0,06), ao valorar si aprenderon grazas a ela (0,05) e ao valorar si en xeral a consideran positiva (0,03). Pola contra, a evolución xeral é positiva cando consideran si lles valeu para poñer en práctica os coñecementos da carreira (0,09) e cando valoran si lles permitiu atopar un bo traballo (0,06). En xeral, os estudantes que mostran un maior incremento son os da rama de Artes e Humanidades seguidos dos de Ciencias da Saúde; sendo os que mostran un maior decremento os de Ciencias seguidos dos de Enxeñaría e Arquitectura.

Táboa 61. Experiencia laboral segundo a rama de ensino
-media (desviación típica) e evolución-

Artes e Humanidades		Ciencias		Ciencias Sociais e Xurídicas		Enxeñaría e Arquitectura		Ciencias da Saúde		Total	
15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV	15/16	ΔV
A miña experiencia laboral está relacionada coa miña carreira											
3,29 (1,61)	1,06	3,06 (1,66)	-0,24	3,14 (1,50)	-0,19	3,14 (1,50)	-0,25	3,44 (1,67)	0,35	3,17 (1,54)	-0,06
A miña experiencia laboral permitíume aplicar dun modo práctico os coñecementos da miña carreira											
3,12 (1,51)	0,91	3,06 (1,58)	-0,13	3,13 (1,40)	0	2,97 (1,40)	0,01	3,17 (1,52)	0,20	3,10 (1,43)	0,09
Grazas a miña experiencia laboral aprendín moito											
3,59 (1,29)	0,31	3,64 (1,40)	-0,31	3,77 (1,19)	0	3,67 (1,27)	-0,26	3,67 (1,26)	0,06	3,71 (1,24)	-0,05
A miña experiencia laboral fixo que conseguise un bo traballo											
2,34 (1,32)	0,57	2,28 (1,33)	0,06	2,63 (1,34)	0,11	2,63 (1,35)	-0,27	2,77 (1,43)	0,25	2,57 (1,35)	0,06
Valoro a miña experiencia laboral de xeito positivo											
4,02 (1,07)	0,32	4,05 (1,03)	-0,33	3,89 (1,07)	-0,04	3,93 (0,92)	-0,09	4,04 (0,99)	-0,11	3,94 (1,04)	-0,03

Finalmente, a análise do xénero na experiencia laboral dos estudantes (táboa 62) mostra que a diferenza entre homes e mulleres resulta estatisticamente significativa a favor das mulleres, aínda que no caso de poder aplicar os coñecementos da carreira, a puntuación é a favor dos homes. Pola súa banda, a evolución no xénero respecto ao curso académico 2014/2015 tan só se produce ao valorar se a experiencia laboral lles permitiu que conseguisen un bo traballo, cun incremento en ambos os sexos, e maior para as mulleres.

Táboa 62. Experiencia laboral segundo o xénero
-media (desviación típica) e evolución-

Homes		Mulleres	
15/16	ΔV	15/16	ΔV
A miña experiencia laboral está relacionada coa miña carreira			
3,46 (1,16)	*	3,57 (1,18)	*
A miña experiencia laboral permitíume aplicar dun modo práctico os coñecementos da miña carreira			
3,65 (0,95)	*	3,63 (1,05)	*
A miña experiencia laboral fixo que conseguise un bo traballo			
3,50 (1,05)	0,70	3,56 (1,09)	1,19

*Non resulta significativa no curso académico 2014/2015

*4. Clasificación dos estudantes
segundo a súa percepción
laboral*

Neste apartado os estudantes son clasificados segundo a súa percepción laboral. Os grupos resultantes descríbense en función desta variable e do resto de variables contidas no cuestionario.

Seguindo as recomendacións de Hair et al. (1999) e Lévy e Varela (2003) desenvolvemos un análise clúster que suxire que, a mellor solución para agrupar aos estudantes de acordo ao seu grao de percepción laboral é en 4 grupos formados por 254 estudantes (23,47%), 139 estudantes (12,85%), 221 estudantes (20,43%) e 468 estudantes (43,25%), que van desde os que se consideran máis empregables (grupo 1) aos que menos (grupo 4).

Das variables que definen o perfil do estudante resultaron ser significativas para a descrición dos grupos, a titulación, o centro universitario, o campus, a rama de ensino, a situación actual, a experiencia laboral, o xénero e a idade. A variable relativa ao número de anos no grao non resultou significativa. Pola súa banda, as variables que miden a percepción laboral e os factores externos e internos desta, tamén foron significativas, coa única excepción da competencia que valora a responsabilidade do estudante.

A continuación, descríbense os catro grupos de estudantes identificados.

4.1. GRUPO 1: ESTUDANTES CON MOI ALTA PERCEPCIÓN LABORAL

O primeiro grupo está formado polos estudantes que, en base á súa percepción, considéranse a si mesmos como os máis empregables e inclúe ao 23,47% da mostra. As características que definen este grupo descríbense a continuación.

4.1.1. As características segundo el perfil

4.1.1.1. O xénero

Segundo o xénero, o grupo está composto por unha maior porcentaxe de homes (54,33%) que de mulleres (45,67%). Sendo o único dos catro grupos no que se dá esta situación (táboa 63).

Táboa 63. Estudantes do grupo 1 segundo o xénero (en %)

	Grupo 1	Mostra
Muller	45,67	59,15
Home	54,33	40,85
Total	100%	100%

4.1.1.2. A idade

A maioría dos estudantes deste grupo teñen menos de 26 anos (75,98%), sendo esta porcentaxe a menor de todos os grupos, mentres que a

porcentaxe de estudantes maiores de 30 anos supera considerablemente ao da mostra (5,12% fronte a 3,23) (táboa 64).

Táboa 64. Estudantes do grupo 1 segundo a idade (en %)

	Grupo 1	Mostra
0 a 25 anos	75,98	82,44
26 a 30 anos	18,90	14,33
Máis de 30 anos	5,12	3,23
Total	100%	100%

4.1.1.3. A rama de ensino

Este grupo inclúe ao 36,08% dos de Ciencias da Saúde, o 30,83% dos de Enxeñaría e Arquitectura, o 22,45% dos de Ciencias, o 20,83% dos de Ciencias Sociais e Xurídicas e o 10,53% dos estudantes de Artes e Humanidades (táboa 65).

Táboa 65. Estudantes en cada grupo segundo a rama de ensino (en %)

	Percepción laboral				
	Moi alta (grupo 1)	Alta (grupo 2)	Media (grupo 3)	Baixa (grupo 4)	Total
Artes e Humanidades	10,53	11,40	15,79	62,28	100%
Ciencias	22,45	14,28	18,37	44,90	100%
Ciencias Sociais e Xurídicas	20,83	9,94	23,64	45,59	100%
Enxeñaría e Arquitectura	30,83	15,00	20,00	34,17	100%
Ciencias da Saúde	36,08	23,71	11,34	28,87	100%

4.1.1.4. O campus

A maioría dos estudantes deste grupo estudan no campus de Vigo (55,51%) seguidos do campus de Pontevedra (26,77%) e de Ourense (17,72%), sendo o grupo que máis se aproxima ás porcentaxes da media muestral (táboa 66).

Táboa 66. Estudantes do grupo 1 segundo o campus (en %)

	Grupo 1	Mostra
Vigo	55,51	56,66
Pontevedra	26,77	24,12
Ourense	17,72	19,22
Total	100%	100%

4.1.1.5. A titulación

Os graos que teñen unha maior porcentaxe de estudantes neste grupo son Fisioterapia (51,11%), Enxeñaría Informática (45,65%), Enxeñaría en Organización Industrial (34,78%) e Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (34,67%) (táboa 67).

Táboa 67. Estudantes en cada grupo segundo la titulación (en %)

	Percepción laboral				Total
	Moi alta (grupo 1)	Alta (grupo 2)	Media (grupo 3)	Baixa (grupo 4)	
Administración e Dirección de Empresas	17,33	8,00	28,00	46,67	100
Belas Artes	17,14	8,57	8,57	65,72	100
Bioloxía	34,05	14,89	14,89	36,17	100
Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	20,00	0,00	0,00	80,00	100
Ciencias Ambientais	0,00	10,00	40,00	50,00	100

*Confianza e percepción dos estudantes da Universidade de Vigo na súa empregabilidade.
Curso académico 2015/16. Evolución 2014/15-2015/16*

Ciencias da Actividade Física e do Deporte	28,26	8,70	32,61	30,43	100
Ciencias do Mar	7,14	7,14	21,43	64,29	100
Comercio	28,57	7,15	32,14	32,14	100
Comunicación Audiovisual	17,65	5,88	17,65	58,82	100
Dereito	12,07	0,00	31,03	56,90	100
Dirección e Xestión Pública	23,08	23,08	15,38	38,46	100
Economía	10,00	6,67	33,33	50,00	100
Educación Infantil	27,91	18,61	18,60	34,88	100
Educación Primaria	23,66	13,98	20,43	41,93	100
Enfermería	21,82	14,55	9,09	54,54	100
Estudos de Galego e Español	0,00	0,00	50,00	50,00	100
Fisioterapia	51,11	35,56	13,33	0,00	100
Xeografía e Historia	20,00	30,00	0,00	50,00	100
Enxeñaría Agraria	0,00	60,00	20,00	20,00	100
Enxeñaría da Enerxía	25,00	20,00	15,00	40,00	100
Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos	15,39	23,08	15,38	46,15	100
Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación	34,67	12,00	25,33	28,00	100
Enxeñaría Eléctrica	25,00	0,00	16,67	58,33	100
Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática	33,33	16,67	0,00	50,00	100
Enxeñaría en Organización Industrial	34,78	13,04	26,09	26,09	100
Enxeñaría en Química Industrial	17,65	11,76	41,18	29,41	100
Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais	12,50	12,50	12,50	62,50	100
Enxeñaría Forestal	0,00	0,00	20,00	80,00	100
Enxeñaría Informática	45,65	19,57	10,87	23,91	100
Enxeñaría Mecánica	37,50	12,50	12,50	37,50	100
Linguas Estranxeiras	6,25	12,50	12,50	68,75	100
Publicidade e Relacións Públicas	20,00	14,67	18,67	46,66	100
Química	19,05	19,05	19,05	42,85	100
Relacións laborais e Recursos Humanos	27,59	0,00	13,79	58,62	100
Traballo Social	15,38	11,54	11,54	61,54	100
Tradución e Interpretación	6,12	10,20	22,45	61,23	100

4.1.1.6. O centro universitario

Atópanse neste grupo a maior porcentaxe de estudantes que cursan os seus estudos na Facultade de Fisioterapia (51,11%), na Escola Superior de Enxeñaría Informática (45,65%), na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (34,67%) e na Escola Universitaria de Maxisterio María Sedes Sapientiae (34,61%) (táboa 68).

Táboa 68. Estudantes en cada grupo segundo o centro (en %)

	Percepción laboral				Total
	Moi alta (grupo 1)	Alta (grupo 2)	Media (grupo 3)	Baixa (grupo 4)	
E. S. de Enxeñaría Informática	45,65	19,57	10,87	23,91	100
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía	21,21	21,21	15,15	42,43	100
E. U. de Enfermería (Meixoeiro)	23,81	14,28	14,29	47,62	100
E. U. de Enfermería (Ourense)	0,00	22,22	11,11	66,67	100
E. U. de Enfermería (Pontevedra)	0,00	33,33	0,00	66,67	100
E. U. de Enfermería (Povisa)	31,82	9,09	4,54	54,55	100
E. U. de Estudos Empresariais	28,57	7,15	32,14	32,14	100
E. U. de Maxisterio María Sedes Sapientiae	34,61	11,54	23,08	30,77	100
Escola de Enxeñaría de Telecomunicación	34,67	12,00	25,33	28,00	100
Escola de Enxeñaría Forestal	0,00	0,00	20,00	80,00	100
Escola de Enxeñaría Industrial	27,03	10,81	22,97	39,19	100
Facultade Ciencias da Educación	21,15	14,11	21,15	43,59	100
Facultade Ciencias Xurídicas e do Traballo	19,18	0,00	24,66	56,16	100
Facultade de Belas Artes	17,14	8,57	8,57	65,72	100
Facultade de Bioloxía	34,04	14,90	14,89	36,17	100
Facultade de CC. Económicas e Empresariais	13,10	7,14	34,52	45,24	100
Facultade de CC. Sociais e da Comunicación	20,00	14,29	18,09	47,62	100
Facultade de Ciencias	5,00	20,00	25,00	50,00	100
Facultade de Ciencias do Mar	7,14	7,14	21,43	64,29	100
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	23,81	9,52	9,52	57,15	100
Facultade de Dereito	7,14	0,00	28,57	64,29	100

Facultade de Filoloxía e Tradución	5,80	10,14	21,74	62,32	100
Facultade de Fisioterapia	51,11	35,56	13,33	0,00	100
Facultade de Historia	20,00	30,00	0,00	50,00	100
Facultade de Química	19,05	19,05	19,05	42,85	100

4.1.1.7. A situación laboral actual

En canto á súa situación actual, é neste grupo onde hai unha maior porcentaxe de estudantes que compaxinan os estudos cun traballo (24,41%), superando amplamente a porcentaxe de estudantes que á vez traballan no conxunto da mostra (17,19%) (táboa 69).

Táboa 69. Estudantes do grupo 1 segundo a situación actual (en %)

	Grupo 1	Mostra
Estudiante	75,59	82,81
Estudiante e traballador	24,41	17,19
Total	100%	100%

4.1.1.8. A experiencia laboral

Neste grupo atópase a maior porcentaxe de estudantes con experiencia laboral (61,42%) (táboa 70). En canto á valoración desta experiencia, mostran as maiores puntuacións dos catro grupos en todas as afirmacións agás cando consideran o que aprenderon grazas a ela, na que ocupan o segundo lugar (tabla 71).

Táboa 70. Estudantes do grupo 1 segundo a experiencia (en %)

	Grupo 1	Mostra
Sen experiencia	38,58	43,07
Con experiencia	61,42	56,93
Total	100%	100%

Táboa 71. Experiencia segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)

	Grupo 1	Mostra
A miña experiencia laboral está relacionada coa miña carreira	3,54	3,16
A miña experiencia laboral permitíume aplicar dun modo práctico os coñecementos da miña carreira	3,03	2,58
Grazas á miña experiencia laboral aprendín moito	4,16	3,93
A miña experiencia laboral fixo que conseguise un bo traballo	3,46	3,09
Valoro a miña experiencia laboral de xeito positivo	4,05	3,71

4.1.2. Características segundo a percepción laboral e os sus factores

Este grupo caracterízase por presentar os valores máis altos dos catro grupos en percepción laboral e, en xeral, nos factores externos e internos desta.

4.1.2.1. A percepción laboral

Estes estudantes teñen a maior percepción laboral de todos os grupos (táboa 72), valorando eses indicadores coas maiores puntuacións (4,16, 4,10 e 4,05 sobre 5).

**Táboa 72. Percepción laboral segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)**

	Grupo 1	Mostra
Estou seguro de que vou atopar traballo facilmente se empezo a buscar	4,16	2,88
No caso de quedarme sen traballo, penso que podería atopar de inmediato un traballo de igual valor	4,10	2,67
Se non estivese contento co meu traballo, penso que podería atopar de inmediato un traballo de igual valor	4,05	2,64

4.1.2.2. Os factores externos da percepción laboral

A continuación avalíase a puntuación dos estudantes deste grupo respecto de cada un dos factores externos da percepción laboral.

En canto ao mercado laboral, son os máis optimistas dos catro grupos (táboa 73) sinalando, cunha valoración de 3,64 sobre 5 que finalizar o grao no que están matriculados supón unha vantaxe para atopar traballo. Ademais valoran con 3,41 a demanda de graduados na súa carreira no mercado laboral, que poderían atopar facilmente un traballo no seu ámbito de estudos (3,28), aínda que con maior dificultade na súa zona xeográfica (2,97).

**Táboa 73. Mercado laboral segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)**

	Grupo 1	Mostra
Estudantes da miña carreira son moi demandados no mercado laboral	3,41	2,95
Terminar o grao que estou a estudar, supón unha vantaxe á hora de atopar traballo	3,64	3,16
Podo atopar facilmente oportunidades de traballo no meu ámbito de estudos	3,28	2,72
Na miña zona xeográfica hai demanda de graduad@s da carreira que estou a estudar	2,97	2,54

A percepción da Universidade de Vigo (táboa 74) amosa as maiores valoracións en todas as afirmacións respecto ao resto de grupos, con puntuacións por encima de 2,70. Destacan a reputación da Universidade de Vigo na súa carreira (3,28 sobre 5) e a consideración de estar contentos con elixir a Universidade de Vigo respecto doutras (3,26 sobre 5).

Táboa 74. Universidade segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)

	Grupo 1	Mostra
Penso que os empregadores diríxense especialmente a esta universidade para contratar a graduad@s da miña carreira	2,74	2,37
Considero que o status desta universidade axudame á hora de buscar emprego	2,92	2,60
Esta universidade ten unha boa reputación na miña carreira	3,28	2,99
Falo aos meus amigos desta universidade como unha gran universidade para estudar	2,94	2,63
Eu síntome orgulloso de dicir a outras persoas que estou a estudar nesta universidade	3,11	2,87
O funcionamento desta universidade (relación cos profesores, asistencia a clase, actividades complementarias...) penso que me axudou nos meus resultados	3,05	2,79
Eu estou moi content@ de elixir esta universidade respecto doutras que considere no momento en que ía comezar os meus estudos universitarios	3,26	2,96
Penso que esta universidade é unha das mellores universidades nas que podo estudar	2,72	2,48

En relación ao seu centro (táboa 75) valoran, coa maior puntuación de todos os grupos a existencia de prácticas en empresas ou institucións (3,39 sobre 5). Así mesmo, a existencia de bolsas para realizar prácticas no estranxeiro recibe unha puntuación de 3,18 sobre 5, por baixo da obtida no grupo 2.

Táboa 75. Centro universitario segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)

	Grupo 1	Mostra
<i>Compromiso co matching empresarial</i>		
Celébranse foros de emprego exclusivos para o centro	2,78	2,57
Realízanse presentacións dos posibles empregadores no propio centro a través de conferencias, coloquios, ...	2,69	2,52
Realízanse probas de selección por parte das empresas/institucións nas instalacións do centro	2,30	2,08
<i>Xestión de bolsas e prácticas en empresas ou institucións</i>		
Existen bolsas para realizar prácticas en empresas/institucións no estranxeiro	3,18	3,09
Existen bolsas de traballo coordinadas polo centro con empresas/institucións	2,92	2,79
Existen prácticas coordinadas polo centro con empresas/institucións	3,39	3,20

Os profesores da súa carreira, como se pode comprobar na táboa 76, logran obter un aprobado alto (entre 3,14 e 3,32 sobre 5), sendo este grupo e o seguinte, os que mellor os valoran en termos xerais (3,32 sobre 5).

Táboa 76. Profesorado segundo o grupo 1
(media do grupo 1 e mostra)

	Grupo 1	Mostra
En xeral, os profesores da miña carreira impartiron eficazmente os coñecementos	3,14	2,97
En xeral, os profesores da miña carreira servíronme de axuda	3,30	3,04
En xeral, teño unha boa valoración dos profesores da miña carreira	3,32	3,06

Son o grupo que máis valora á súa contorna persoal. Consideran que os contactos sociais que teñen pódennles axudar a atopar un traballo (3,14 sobre 5 os contactos persoais e, 2,72 sobre 5 os das súas redes sociais), que a súa contorna transmitiulles unha cultura cara ao traballo positiva (3,85 a familia e 3,77 o resto de grupos aos que pertencen) e que as súas circunstancias persoais favorécenlles, permitíndolles tanto flexibilidade horaria como xeográfica (en ambos os casos, 3,89 sobre 5) (táboa 77).

Táboa 77. Contorna persoal segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)

	Grupo 1	Mostra
<i>Contactos sociais</i>		
Teño contactos persoais que me poden axudar a atopar traballo	3,14	2,55
Os meus contactos das redes sociais pódennme axudar a atopar traballo	2,72	2,20
<i>Actitude cara ao traballo</i>		
A miña contorna familiar transmitíume unha actitude positiva cara ao traballo	3,85	3,54
Os grupos aos que pertenzo (universidade, asociacións deportivas, redes sociais,...) teñen unha percepción positiva cara ao traballo	3,77	3,31
<i>Circunstancias persoais</i>		
As miñas circunstancias persoais permítenme calquera quenda (mañá/tarde) nun posible traballo	3,89	3,63
As miñas circunstancias persoais permítenme trasladarme a vivir a outra cidade por un posible traballo	3,89	3,60

4.1.2.3. Os factores internos da percepción laboral

Son os estudantes que amosan un nivel de autoconfianza máis alto, con valores entre 3,96 e 4,35 sobre 5. Como se reflicte na táboa 78, destaca a súa convicción de que, quen os coñece confían nas súas boas perspectivas

laborais (4,35 sobre 5), teñen confianza na obtención dun traballo aínda sabendo a dificultade que supón conseguilo hoxe en día (4,33 sobre 5) e, están convencidos de que, á marxe da súa formación e experiencia laboral, teñen características que poden atraer aos empregadores (4,26 sobre 5).

Táboa 78. Autoconfianza segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)

	Grupo 1	Mostra
Calquera co meu nivel de habilidades e coñecementos sería demandado no mercado laboral	3,96	3,36
Á marxe da miña formación e experiencia laboral, teño características que poden atraer a distintas empresas/institucións	4,26	3,69
Creo que podería ter calquera traballo a condición de que as miñas habilidades e experiencia sexan as requiridas para ese posto	4,20	3,67
Conseguir un traballo hoxe en día é difícil, pero creo que o lograrei	4,33	3,60
Teño confianza en que terei éxito durante as entrevistas de traballo e os procesos de selección	4,14	3,18
Creo que me desenvolvería ben no meu primeiro día de traballo	4,11	3,32
Quen me coñece cren que teño boas perspectivas laborais	4,35	3,61

Posúen unha elevada ambición (táboa 79), do mesmo xeito que o resto de grupos, coas máximas puntuacións. Sobresaen os que teñen interese en conseguir un traballo que realmente lles guste e non un calquera (4,62 sobre 5), teñen claras cales son as súas metas na vida (4,34 sobre 5), cren que é urxente progresar na súa carreira profesional (4,33 sobre 5), queren que o seu traballo teña un efecto importante na sociedade (4,31 sobre 5) e, en xeral, considéranse ambiciosos (4,31 sobre 5).

Táboa 79. Ambición segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)

	Grupo 1	Mostra
Quero conseguir un traballo que realmente me guste, e non un calquera	4,62	4,35
Teño claro cales son as miñas metas na vida	4,34	3,97
Considérome ambicioso	4,31	3,84
Creo que é urxente progresar na miña carreira profesional	4,33	4,05
Quero traballar en algo que teña un efecto importante na sociedade	4,31	3,99

Respecto das competencias, as súas valoracións son as máis positivas dos catro grupos, oscilando entre 3,92 e 4,43 sobre 5 (táboa 80). Entre outras máis, consideran que prestan atención aos detalles (4,40 sobre 5), que saben interactuar con persoas de diferentes culturas (4,41 sobre 5) e que traballan ben individualmente (4,43 sobre 5) e en equipo (4,37 sobre 5). A competencia coa puntuación máis baixa é a capacidade para realizar presentacións orais (3,92 sobre 5).

Táboa 80. Competencias segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)

	Grupo 1	Mostra
<i>Calidades persoais</i>		
Sei como me sinto en cada momento	4,20	3,98
Presto atención aos detalles	4,40	4,22
Penso dun modo analítico	4,21	4,02
Entendo as necesidades dos demais	4,23	4,11
Son bo na resolución de problemas	4,24	3,97

Resúltame fácil adquirir novos coñecementos	4,28	4,02
Reflexiono antes de tomar decisións	4,19	4,05
Teño boa predisposición a aceptar responsabilidades	4,30	4,13
Intento corrixir as miñas debilidades dunha forma sistemática	4,15	3,95
<i>Habilidades sociais</i>		
Teño capacidade para achegar novas ideas	4,28	3,96
Teño capacidade para negociar e chegar a acordos mantendo as formas	4,15	3,99
Teño capacidade para mobilizar as capacidades doutros	4,02	3,77
Teño capacidade para facer valer a miña autoridade	4,06	3,71
Teño capacidade para cuestionar ideas propias ou alleas	4,22	3,91
Teño capacidade para demostrar as miñas calidades aos demais	4,21	3,95
Teño capacidade para convencer aos empregadores potenciais do que eu vallo	4,19	3,83
<i>Traballo autónomo e en equipo</i>		
Teño capacidade para traballar ben en equipo	4,37	4,19
Teño capacidade para traballar ben de forma independente	4,43	4,18
Teño capacidade para redactar informes ou documentos	3,96	3,76
Teño capacidade para escribir de forma metódica e clara	4,14	3,88
Teño capacidade para expresar verbalmente as miñas ideas a outros	4,17	3,87
Teño capacidade para interactuar con persoas de diferentes orixes culturais, relixións e etnias	4,41	4,13
Teño capacidade para realizar presentacións orais	3,92	3,60
<i>Adaptación</i>		
Teño capacidade para traballar baixo presión	4,07	3,72
Teño capacidade para enfrontarme a situacións non esperadas	4,17	3,85
Teño capacidade para adaptarme facilmente a novas situacións	4,30	3,99
Teño capacidade para conseguir información para resolver problemas	4,28	3,99

Eficacia		
Teño capacidade para usar o tempo de forma efectiva	4,00	3,72
Teño capacidade para planificar as miñas tarefas	4,05	3,83
Teño capacidade para coordinar actividades	4,18	3,93

En canto á formación (táboa 81) son, dos catro grupos, os que perciben que máis dominan a súa área de estudos (3,98 sobre 5) e que posúen coñecementos doutras áreas de estudo diferentes (4,19 sobre 5). Ademais de ser os que se atopan máis satisfeitos co seu rendemento académico (3,60 sobre 5), responsabilízanse de manter e mellorar os seus coñecementos fóra do centro (4,31 sobre 5) e móstranse máis comprometidos coa súa formación futura (4,46 sobre 5).

Táboa 81. Formación segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)

	Grupo 1	Mostra
Desempeño nos estudos		
Consigo altas cualificacións	3,67	3,47
Estou satisfeito co meu rendemento académico ata o momento	3,60	3,39
Domino a miña área de estudos	3,98	3,59
Considero o meu traballo académico unha prioridade	3,98	3,83
Formación continua		
Gustaríame seguir formándome ao longo da miña vida	4,46	4,25
Responsabilízome de manter e mellorar os meus coñecementos fóra do centro universitario	4,31	4,00
Teño coñecementos doutras áreas de estudo diferentes aos da miña carreira	4,19	3,73

Respecto da procura de emprego (táboa 82) tamén obteñen as máximas valoracións. Saben o que queren da súa vida laboral ademais de obter diñeiro (4,40 sobre 5), pensan ir en persoa á empresa ou institución na que lles gustaría traballar (4,26 sobre 5) e resaltarán as súas calidades nos procesos de selección (4,29 sobre 5).

Táboa 82. Procura de emprego segundo o grupo 1
(media do grupo e mostra)

	Grupo 1	Mostra
<i>Coñecemento na procura de emprego</i>		
Sei o que quero facer cando remate a carreira	3,91	3,52
Sei o que se require para conseguir o traballo que quero ter	3,98	3,54
Sei onde atopar información acerca dos traballos que me interesan	3,87	3,33
Sei que tipo de traballos adáptanse á miña personalidade	4,06	3,64
Ademais de diñeiro, sei o que quero da miña vida laboral	4,40	4,03
Creo que coñezo ben os medios que existen para buscar emprego	3,67	3,17
<i>Currículo e entrevista de traballo</i>		
Sei elaborar un currículo vitae	4,00	3,62
Creo que debo adaptar o meu currículo de acordo coas características de cada oferta de traballo	4,14	3,89
Penso ir en persoa ás empresas/institucións nas que me gustaría traballar	4,26	3,91
Preguntarei as miñas dúbidas durante unha entrevista de traballo	4,13	3,75
Nun proceso de selección resaltarei as miñas calidades	4,29	3,98

4.2. GRUPO 2: ESTUDANTES CON ALTA PERCEPCIÓN LABORAL

O grupo 2 componse dos estudantes que se consideran empregables. É o menos numeroso e está formado polo 12,85% dos estudantes.

4.2.1. Características segundo o perfil

4.2.1.1. O xénero

Segundo o xénero, e algo por baixo da media da mostra, o grupo presenta unha maior porcentaxe de mulleres (53,24%) que de homes (46,76%) (táboa 83).

Táboa 83. Estudantes do grupo 2 segundo o xénero (en %)

	Grupo 2	Mostra
Muller	53,24	59,15
Home	46,76	40,85
Total	100%	100%

4.2.1.2. A idade

En canto á idade, o grupo conta, respecto da media, con máis estudantes menores de 26 anos (85,61% fronte a 82,44%) e menos do tramo de 26 a 30 anos (10,07% fronte a 14,33%) (táboa 84).

Táboa 84. Estudantes do grupo 2 segundo a idade (en %)

	Grupo 2	Mostra
0 a 25 anos	85,61	82,44
26 a 30 anos	10,07	14,33
Máis de 30 anos	4,32	3,23
Total	100%	100%

4.2.1.3. A rama de ensino

Este grupo inclúe o 23,71% dos estudantes da rama de Ciencias da Saúde, o 15% da de Enxeñaría e Arquitectura, o 14,28% da de Ciencias, o 11,40% da de Artes e Humanidades e o 9,94% da de Ciencias Sociais e Xurídicas (táboa 65).

4.2.1.4. O campus

Este grupo inclúe a maior porcentaxe dos catro grupos de estudantes dos campus de Pontevedra e Ourense, sendo, pola súa contra, o que menos estudantes contén do campus de Vigo (táboa 85).

Táboa 85. Estudantes do grupo 2 segundo o campus (en %)

	Grupo 2	Mostra
Vigo	44,61	56,66
Pontevedra	31,65	24,12
Ourense	23,74	19,22
Total	100%	100%

4.2.1.5. A titulación

Por titulacións, atópase a maior porcentaxe de estudantes de Enxeñaría Agraria (60%) e unha porcentaxe elevada de estudantes de Fisioterapia (35,56%) e de Xeografía e Historia (30%) (táboa 67).

4.2.1.6. O centro universitario

En canto ao centro de estudos (táboa 68), neste grupo atópase unha elevada porcentaxe de estudantes que cursan os seus estudos na Facultade de Fisioterapia (35,56%), na Escola de Enfermería de Pontevedra (33,33%) e na Facultade de Historia (30%).

4.2.1.7. A situación laboral actual

A maior parte dos estudantes dedícase unicamente aos seus estudos (84,89%) e só un 15,11% compaxina os seus estudos cun traballo, por baixo da media (táboa 86).

Táboa 86. Estudantes do grupo 2 segundo a situación actual (en %)

	Grupo 2	Mostra
Estudiante	84,89	82,81
Estudiante e traballador	15,11	17,19
Total	100%	100%

4.2.1.8. A experiencia laboral

Este grupo contén o 53,96% de estudantes con experiencia laboral, estando, esta porcentaxe, algo por baixo da media (táboa 87). As valoracións desta experiencia son as segundas máis altas dos catro grupos agás cando valoran que grazas a ela aprenderon moito, na que mostran a valoración máis alta (táboa 88).

Táboa 87. Estudantes do grupo 2 segundo a experiencia (en %)

	Grupo 2	Mostra
Sen experiencia	46,04	43,07
Con experiencia	53,96	56,93
Total	100%	100%

Táboa 88. Experiencia segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
A miña experiencia laboral está relacionada coa miña carreira	3,26	3,16
A miña experiencia laboral permitíume aplicar dun modo práctico os coñecementos da miña carreira	2,75	2,58
Grazas á miña experiencia laboral aprendín moito	4,19	3,93
A miña experiencia laboral fixo que conseguise un bo traballo	3,22	3,09
Valoro a miña experiencia laboral de xeito positivo	3,98	3,71

4.2.2. Características segundo a percepción laboral e os sus factores

Os estudantes deste grupo presentan en xeral de media, despois do grupo 1, as maiores valoracións, tanto na percepción laboral como nos factores externos e internos desta.

4.2.2.1. A percepción laboral

A percepción laboral dos estudantes deste grupo é valorada positivamente (táboa 89). Destaca a seguridade coa que consideran que van atopar traballo con facilidade no momento que inicien a súa procura, cunha valoración moi similar á do grupo 1 (4,15 fronte a 4,16). Móstranse máis pesimistas ao considerar a posibilidade de atopar de inmediato un traballo de igual valor en caso de perdelo (2,70 sobre 5) ou non estar contento nel (2,60 sobre 5), sendo en ambos os casos estes valores inferiores aos dos grupos 1 e 3.

Táboa 89. Percepción laboral segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
Estou seguro de que vou atopar traballo facilmente se empezo a buscar	4,15	2,88
No caso de quedarme sen traballo, penso que podería atopar de inmediato un traballo de igual valor	2,70	2,67
Se non estivese contento co meu traballo, penso que podería atopar de inmediato un traballo de igual valor	2,60	2,64

4.2.2.2. Os factores externos da percepción laboral

Os estudantes deste grupo perciben con optimismo, despois do grupo 1, a situación do mercado laboral (entre 2,90 e 3,40 sobre 5). Destacan as súas valoracións respecto ao beneficio de finalizar o grao para atopar un emprego (3,40 sobre 5) e que existe demanda de estudantes da súa carreira (3,17 sobre 5) (táboa 90).

Táboa 90. Mercado laboral segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
Estudantes da miña carreira son moi demandados no mercado laboral	3,17	2,95
Terminar o grao que estou a estudar, supón unha vantaxe á hora de atopar traballo	3,40	3,16
Podo atopar facilmente oportunidades de traballo no meu ámbito de estudos	3,00	2,72
Na miña zona xeográfica hai demanda de graduad@s da carreira que estou a estudar	2,90	2,54

Sobre a Universidade de Vigo (táboa 91) este grupo presenta, por baixo do grupo 1, as segundas valoracións máis altas dos catro. Con todo, en tres afirmacións mostran as maiores puntuacións dos catro grupos. Son os que están máis satisfeitos de elixir esta universidade respecto doutras que consideraran (3,29 sobre 5), os que máis valoran que o funcionamento da Universidade de Vigo lles favoreceu nos resultados que alcanzaron (3,11 sobre 5) e, os que máis consideran que é unha das mellores universidades para estudar (2,75 sobre 5).

Táboa 91. Universidade segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
Penso que os empregadores diríxense especialmente a esta universidade para contratar a graduad@s da miña carreira	2,53	2,37
Considero que o status desta universidade axudame á hora de buscar emprego	2,77	2,60
Esta universidade ten unha boa reputación na miña carreira	3,16	2,99
Falo aos meus amigos desta universidade como unha gran universidade para estudar	2,74	2,63
Eu síntome orgulloso de dicir a outras persoas que estou a estudar nesta universidade	3,06	2,87
O funcionamento desta universidade (relación cos profesores, asistencia a clase, actividades complementarias...) penso que me axudou nos meus resultados	3,11	2,79
Eu estou moi contento de elixir esta universidade respecto doutras que considereí no momento en que ía comezar os meus estudos universitarios	3,29	2,96
Penso que esta universidade é unha das mellores universidades nas que pode estudar	2,75	2,48

Son os que mellor percepción teñen dos profesores da súa carreira, con valoracións entre 3,24 e 3,32 puntos sobre 5 (táboa 92).

Táboa 92. Profesorado segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
En xeral, os profesores da miña carreira impartiron eficazmente os coñecementos	3,24	2,97
En xeral, os profesores da miña carreira servíronme de axuda	3,32	3,04
En xeral, teño unha boa valoración dos profesores da miña carreira	3,32	3,06

Con respecto ao seu centro de estudos, son os que máis valoran a xestión de bolsas para realizar prácticas en empresas ou institucións no estranxeiro (3,45 sobre 5), a xestión de bolsas de traballo (3,02), a celebración de foros de emprego (2,85) e o desenvolvemento de actividades como conferencias ou coloquios con empregadores (2,71) (táboa 93).

Táboa 93. Centro universitario segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
<i>Compromiso co matching empresarial</i>		
Celébranse foros de emprego exclusivos para o centro	2,85	2,57
Realízanse presentacións dos posibles empregadores no propio centro a través de conferencias, coloquios, ...	2,71	2,52
Realízanse probas de selección por parte das empresas/institucións nas instalacións do centro	2,21	2,08
<i>Xestión de bolsas e prácticas en empresas ou institucións</i>		
Existen bolsas para realizar prácticas en empresas/institucións no estranxeiro	3,45	3,09
Existen bolsas de traballo coordinadas polo centro con empresas/institucións	3,02	2,79
Existen prácticas coordinadas polo centro con empresas/institucións	3,32	3,20

Respecto da súa contorna persoal, posúen as valoracións máis altas despois do grupo 1. Como reflicte a táboa 94, os seus contactos persoais son valorados en 2,81 sobre 5 na medida en que pensan que lles poden axudar a atopar traballo. Ademais, tanto a súa contorna familiar como os grupos aos que pertencen transmitíronlles unha actitude favorable cara ao traballo (3,70 e 3,52 sobre 5, respectivamente) e as súas circunstancias persoais

actuais permítenlles dispoñibilidade horaria (3,80 sobre 5) e xeográfica (3,65 sobre 5).

Táboa 94. Contorna persoal segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
<i>Contactos sociais</i>		
Teño contactos persoais que me poden axudar a atopar traballo	2,81	2,55
Os meus contactos das redes sociais pódennme axudar a atopar traballo	2,35	2,20
<i>Actitude cara ao traballo</i>		
A miña contorna familiar transmitíume unha actitude positiva cara ao traballo	3,70	3,54
Os grupos aos que pertenzo (universidade, asociacións deportivas, redes sociais,...) teñen unha percepción positiva cara ao traballo	3,52	3,31
<i>Circunstancias persoais</i>		
As miñas circunstancias persoais permítenme calquera quenda (mañá/tarde) nun posible traballo	3,80	3,63
As miñas circunstancias persoais permítenme trasladarme a vivir a outra cidade por un posible traballo	3,65	3,60

4.2.2.3. Os factores internos da percepción laboral

Este grupo presenta as segundas valoracións máis altas dos catro grupos para estes factores en xeral.

A táboa 95 mostra que os estudantes deste grupo contan cunha alta autoconfianza (entre 3,45 e 4,09 sobre 5), por baixo da que teñen os do grupo 1. Destaca a seguridade que teñen respecto de poder conseguir un

traballo a pesar das dificultades actuais (4,09 sobre 5), de poder conseguir calquera traballo se as súas habilidades e experiencia se aproximan ás esixidas polo posto (3,94 sobre 5) e, a confianza que teñen nas súas características, á marxe da formación e experiencia, para atraer aos empregadores (3,88 sobre 5).

Táboa 95. Autoconfianza segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
Calquera co meu nivel de habilidades e coñecementos sería demandado no mercado laboral	3,55	3,36
Á marxe da miña formación e experiencia laboral, teño características que poden atraer a distintas empresas/institucións	3,88	3,69
Creo que podería ter calquera traballo a condición de que as miñas habilidades e experiencia sexan as requiridas para ese posto	3,94	3,67
Conseguir un traballo hoxe en día é difícil, pero creo que o lograrei	4,09	3,60
Teño confianza en que terei éxito durante as entrevistas de traballo e os procesos de selección	3,70	3,18
Creo que me desenvolvería ben no meu primeiro día de traballo	3,45	3,32
Quen me coñece cren que teño boas perspectivas laborais	3,78	3,61

Son persoas ambiciosas, con valoracións máis próximas ao grupo 3 que ao 1 (entre 3,89 e 4,39 sobre 5). Sobre todo, pretenden conseguir un traballo que lles satisfaga (4,39 sobre 5) e cren que é urxente progresar na súa carreira profesional (4,08 sobre 5) (táboa 96).

Táboa 96. Ambición segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
Quero conseguir un traballo que realmente me guste, e non un calquera	4,39	4,35
Teño claro cales son as miñas metas na vida	4,05	3,97

Considérome ambicioso	3,89	3,84
Creo que é urxente progresar na miña carreira profesional	4,08	4,05
Quero traballar en algo que teña un efecto importante na sociedade	3,98	3,99

Perciben con valoracións elevadas, e por baixo das do grupo 1, a maioría de competencias cuestionadas (entre 3,67 e 4,25 sobre 5). Sobre todo, destacan as súas calidades persoais para prestar atención aos detalles (4,25 sobre 5) e a predisposición para aceptar responsabilidades (4,19 sobre 5). Ademais, traballan ben en grupo (4,23 sobre 5) e a nivel individual (4,21 sobre 5). Mentres, presentan unhas valoracións levemente inferiores (entre 3,76 e 3,96 sobre 5) as afirmacións sobre a súa eficacia na xestión do tempo, a planificación das tarefas e a coordinación de actividades. A competencia menos valorada é a capacidade para traballar baixo presión (3,67 sobre 5) (táboa 97).

Táboa 97. Competencias segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
<i>Calidades persoais</i>		
Sei como me sinto en cada momento	4,01	3,98
Presto atención aos detalles	4,25	4,22
Penso dun modo analítico	4,09	4,02
Entendo as necesidades dos demais	4,15	4,11
Son bo na resolución de problemas	3,99	3,97
Resúltame fácil adquirir novos coñecementos	4,11	4,02
Reflexiono antes de tomar decisións	4,12	4,05
Teño boa predisposición a aceptar responsabilidades	4,19	4,13
Intento corrixir as miñas debilidades dunha forma sistemática	4,10	3,95

<i>Habilidades sociais</i>		
Teño capacidade para achegar novas ideas	4,02	3,96
Teño capacidade para negociar e chegar a acordos mantendo as formas	4,08	3,99
Teño capacidade para mobilizar as capacidades doutros	3,84	3,77
Teño capacidade para facer valer a miña autoridade	3,78	3,71
Teño capacidade para cuestionar ideas propias ou alleas	4,00	3,91
Teño capacidade para demostrar as miñas calidades aos demais	4,01	3,95
Teño capacidade para convencer aos empregadores potenciais do que eu vallo	3,90	3,83
<i>Traballo autónomo e en equipo</i>		
Teño capacidade para traballar ben en equipo	4,23	4,19
Teño capacidade para traballar ben de forma independente	4,21	4,18
Teño capacidade para redactar informes ou documentos	3,73	3,76
Teño capacidade para escribir de forma metódica e clara	3,79	3,88
Teño capacidade para expresar verbalmente as miñas ideas a outros	3,93	3,87
Teño capacidade para interactuar con persoas de diferentes orixes culturais, relixións e etnias	4,22	4,13
Teño capacidade para realizar presentacións orais	3,68	3,60
<i>Adaptación</i>		
Teño capacidade para traballar baixo presión	3,67	3,72
Teño capacidade para enfrontarme a situacións non esperadas	3,86	3,85
Teño capacidade para adaptarme facilmente a novas situacións	4,05	3,99
Teño capacidade para conseguir información para resolver problemas	4,04	3,99
<i>Eficacia</i>		
Teño capacidade para usar o tempo de forma efectiva	3,76	3,72
Teño capacidade para planificar as miñas tarefas	3,81	3,83
Teño capacidade para coordinar actividades	3,96	3,93

En canto á súa formación (táboa 98), amosan as segundas valoracións máis altas dos catro grupos en todas as afirmacións, coa excepción da súa satisfacción co seu rendemento académico (3,59 sobre 5), moi similar á do grupo 1 e coa consideración do seu traballo académico como unha prioridade (3,87), por detrás do grupo 3.

Táboa 98. Formación segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
<i>Desempeño nos estudos</i>		
Consigo altas cualificacións	3,59	3,47
Estou satisfeito co meu rendemento académico ata o momento	3,59	3,39
Domino a miña área de estudos	3,69	3,59
Considero o meu traballo académico unha prioridade	3,87	3,83
<i>Formación continua</i>		
Gustaríame seguir formándome ao longo da miña vida	4,35	4,25
Responsabilízome de manter e mellorar os meus coñecementos fóra do centro universitario	4,14	4,00
Teño coñecementos doutras áreas de estudo diferentes aos da miña carreira	3,88	3,73

En relación á procura de emprego as valoracións son de novo as segundas máis altas (entre 3,23 e 4,13 sobre 5) (táboa 99). Teñen claro o que queren da súa vida laboral máis aló dos cartos (4,13 sobre 5), os traballos que se adaptan á súa personalidade (3,73 sobre 5) e o que queren facer ao terminar a carreira (3,72 sobre 5).

Táboa 99. Procura de emprego segundo o grupo 2
(media do grupo e mostra)

	Grupo 2	Mostra
<i>Coñecemento na procura de emprego</i>		
Sei o que quero facer cando remate a carreira	3,72	3,52
Sei o que se require para conseguir o traballo que quero ter	3,71	3,54
Sei onde atopar información acerca dos traballos que me interesan	3,53	3,33
Sei que tipo de traballos adáptanse á miña personalidade	3,73	3,64
Ademais de diñeiro, sei o que quero da miña vida laboral	4,13	4,03
Creo que coñezo ben os medios que existen para buscar emprego	3,23	3,17
<i>Currículo e entrevista de traballo</i>		
Sei elaborar un currículo vitae	3,68	3,62
Creo que debo adaptar o meu currículo de acordo coas características de cada oferta de traballo	3,88	3,89
Penso ir en persoa ás empresas/institucións nas que me gustaría traballar	3,96	3,91
Preguntarei as miñas dúbidas durante unha entrevista de traballo	3,83	3,75
Nun proceso de selección resaltarei as miñas calidades	3,96	3,98

4.3. GRUPO 3: ESTUDANTES CON PERCEPCIÓN LABORAL MEDIA

No grupo 3 se reúnen os estudantes con percepción laboral media, tendo, en xeral, unha valoración máis baixa respecto ao grupo 1 e 2. Supoñen o 20,43% dos estudantes enquisados e as súas principais características analízanse a continuación.

4.3.1. Características segundo o perfil

4.3.1.1. O xénero

A proporción entre homes e mulleres é moi similar á media dos enquisados (táboa 100).

Táboa 100. Estudantes do grupo 3 segundo o xénero (en %)

	Grupo 3	Mostra
Muller	58,37	59,15
Home	41,63	40,85
Total	100%	100%

4.3.1.2. A idade

En canto á idade, a porcentaxe de estudantes menores de 26 anos neste grupo é moi similar á media, sendo ademáis o grupo coa menor porcentaxe de estudantes maiores de 30 anos (1,36%) (táboa 101).

Táboa 101. Estudantes do grupo 3 segundo a idade (en %)

	Grupo 3	Mostra
0 a 25 anos	82,35	82,44
26 a 30 anos	16,29	14,33
Máis de 30 anos	1,36	3,23
Total	100%	100%

4.3.1.3. A rama de ensino

Por ramas de ensino o grupo inclúe o 23,64% dos estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 20% de Enxeñaría e Arquitectura, o 18,37% de Ciencias, o 15,79% de Artes e Humanidades e o 11,34% de Ciencias da Saúde (táboa 65).

4.3.1.4. O campus

Como se recolle na táboa 102, neste grupo concéntrase a maior porcentaxe de estudantes do campus Vigo dos catro grupos, sendo a distribución dos estudantes a que segue: campus de Vigo (64,25%), Pontevedra (21,72%) e Ourense (14,03%).

Táboa 102. Estudantes do grupo 3 segundo o campus (en %)

	Grupo 3	Mostra
Vigo	64,25	56,66
Pontevedra	21,72	24,12
Ourense	14,03	19,22
Total	100%	100%

4.3.1.5. A titulación

Entre as titulacións máis representadas neste grupo están Enxeñaría en Química Industrial (41,18%) e, Ciencias da Actividade Física e do Deporte (32,61%). Tamén se atopa unha porcentaxe importante de estudantes de

Ciencias Ambientais (40%), Economía (33,33%) e Dereito (31,03%) (táboa 67).

4.3.1.6. O centro universitario

En canto ao seu centro de estudos, pertencen a este grupo unha porcentaxe importante dos estudantes da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (34,52%) e da Escola Universitaria de Estudos Empresariais (32,14%) (táboa 68).

4.3.1.7. A situación laboral actual

En canto á súa situación na actualidade, a proporción entre estudantes que non traballan e estudantes que traballan está moi próxima á media da totalidade dos enquisados (táboa 103).

Táboa 103. Estudantes do grupo 3 segundo a situación actual (en %)

	Grupo 3	Mostra
Estudiante	83,71	82,81
Estudiante e traballador	16,29	17,19
Total	100%	100%

4.3.1.8. A experiencia laboral

O 61,09% de estudantes deste grupo posúe experiencia, sendo esta porcentaxe a segunda máis alta dos catro grupos, por baixo da do grupo 1

(táboa 104). Valoran a propia experiencia con puntuacións tan so por diante do grupo 4 (entre 2,46 y 3,88) (táboa 105).

Táboa 104. Estudantes do grupo 3 segundo a experiencia (en %)

	Grupo 3	Mostra
Sen experiencia	38,91	43,07
Con experiencia	61,09	56,93
Total	100%	100%

Táboa 105. Experiencia segundo o grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
A miña experiencia laboral está relacionada coa miña carreira	3,01	3,16
A miña experiencia laboral permitíume aplicar dun modo práctico os coñecementos da miña carreira	2,46	2,58
Grazas á miña experiencia laboral aprendín moito	3,88	3,93
A miña experiencia laboral fixo que conseguise un bo traballo	3,06	3,09
Valoro a miña experiencia laboral de xeito positivo	3,58	3,71

4.3.2. Características segundo a percepción laboral e os seus factores

Son os estudantes que máis se aproximan aos valores medios dados polo total dos enquisados en todos os indicadores de percepción laboral e dos factores externos e internos a esta.

4.3.2.1. A percepción laboral

A percepción laboral dos estudantes deste grupo é inferior á media de todos os estudantes (táboa 106) en canto á seguridade de atopar traballo en caso de empezar a buscar (2,53 fronte a 2,88 sobre 5). E son algo máis optimistas que a media cando valoran o conseguir un traballo de igual valor tanto se chegan a quedar sen el (2,95 fronte a 2,67 sobre 5) coma se non estivesen contentos co que teñan (2,90 fronte a 2,64 sobre 5).

Táboa 106. Percepción laboral segundo o grupo 3
(media o grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
Estou seguro de que vou atopar traballo facilmente se empezo a buscar	2,53	2,88
No caso de quedarme sen traballo, penso que podería atopar de inmediato un traballo de igual valor	2,95	2,67
Se non estivese contento co meu traballo, penso que podería atopar de inmediato un traballo de igual valor	2,90	2,64

4.3.2.2. Os factores externos da percepción laboral

Neste grupo os estudantes perciben a situación do mercado laboral con valores entre 2,58 e 3,10 sobre 5 (táboa 107), por detrás dos grupos 1 e 2.

Táboa 107. Mercado laboral segundo grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
Estudantes da miña carreira son moi demandados no mercado laboral	3,02	2,95
Terminar o grao que estou a estudar, supón unha vantaxe á hora de atopar traballo	3,10	3,16
Podo atopar facilmente oportunidades de traballo no meu ámbito de estudos	2,75	2,72
Na miña zona xeográfica hai demanda de graduad@s da carreira que estou a estudar	2,58	2,54

En canto á percepción da Universidade de Vigo (táboa 108) mostran as terceiras valoracións máis altas despois dos grupos 1 e 2. O que máis valoran é a reputación da Universidade de Vigo na súa carreira (3,03 sobre 5), a satisfacción de elixila respecto doutras consideradas (2,93 sobre 5) e o orgullo de dicir a outros que estudan nesta universidade (2,90 sobre 5).

Táboa 108. Universidade segundo o grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
Penso que os empregadores diríxense especialmente a esta universidade para contratar a graduad@s da miña carreira	2,43	2,37
Considero que o status desta universidade axudame á hora de buscar emprego	2,63	2,60
Esta universidade ten unha boa reputación na miña carreira	3,03	2,99
Falo aos meus amigos desta universidade como unha gran universidade para estudar	2,66	2,63
Eu síntome orgullo@s de dicir a outras persoas que estou a estudar nesta universidade	2,90	2,87
O funcionamento desta universidade (relación cos profesores, asistencia a clase, actividades complementarias...) penso que me axudou nos meus resultados	2,84	2,79
Eu estou moi content@ de elixir esta universidade respecto doutras que considereí no momento en que ía comezar os meus estudos universitarios	2,93	2,96
Penso que esta universidade é unha das mellores universidades nas que podo estudar	2,49	2,48

No que se refire á valoración dos profesores da súa carreira (táboa 109), tamén ocupan a terceira posición respecto dos demais grupos. Todas as valoracións atópanse ao redor de 3 puntos (entre 2,99 e 3,11 sobre 5), de modo similar á media da mostra.

Táboa 109. Profesorado segundo o grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
En xeral, os profesores da miña carreira impartiron eficazmente os coñecementos	2,99	2,97
En xeral, os profesores da miña carreira servíronme de axuda	3,00	3,04
En xeral, teño unha boa valoración dos profesores da miña carreira	3,11	3,06

Cando avalían os seus respectivos centros universitarios (táboa 110) son os terceiros en todas as afirmacións, excepto ao valorar as prácticas en empresas ou institucións (3,10 sobre 5), que dan unha puntuación idéntica á do grupo 4.

Táboa 110. Centro universitario segundo o grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
<i>Compromiso co matching empresarial</i>		
Celébranse foros de emprego exclusivos para o centro	2,59	2,57
Realízanse presentacións dos posibles empregadores no propio centro a través de conferencias, coloquios, ...	2,53	2,52
Realízanse probas de selección por parte das empresas/institucións nas instalacións do centro	2,10	2,08
<i>Xestión de bolsas e prácticas en empresas ou institucións</i>		
Existen bolsas para realizar prácticas en empresas/institucións no estranxeiro	3,06	3,09
Existen bolsas de traballo coordinadas polo centro con empresas/institucións	2,76	2,79
Existen prácticas coordinadas polo centro con empresas/institucións	3,10	3,20

Tamén respecto da súa contorna persoal (táboa 111) as valoracións están por detrás do grupo 1 e 2, coa excepción da dispoñibilidade xeográfica, que é igual á do grupo 2. En particular, valoran se os seus contactos persoais e das súas redes sociais lles poden axudar a atopar un traballo con 2,48 sobre 5 e 2,17 sobre 5, respectivamente. A actitude cara ao traballo que lles transmitiu a súa contorna recibe unha valoración máis positiva, con 3,52 e 3,31 sobre 5. E, se as súas circunstancias persoais lles permiten flexibilidade horaria e xeográfica con 3,62 e 3,65 sobre 5, respectivamente.

Táboa 111. Contorna persoal segundo o grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
<i>Contactos sociais</i>		
Teño contactos persoais que me poden axudar a atopar traballo	2,48	2,55
Os meus contactos das redes sociais pódennme axudar a atopar traballo	2,17	2,20
<i>Actitude cara ao traballo</i>		
A miña contorna familiar transmitíume unha actitude positiva cara ao traballo	3,52	3,54
Os grupos aos que pertenzo (universidade, asociacións deportivas, redes sociais,...) teñen unha percepción positiva cara ao traballo	3,31	3,31
<i>Circunstancias persoais</i>		
As miñas circunstancias persoais permítenme calquera quenda (mañá/tarde) nun posible traballo	3,62	3,63
As miñas circunstancias persoais permítenme trasladarme a vivir a outra cidade por un posible traballo	3,65	3,60

4.3.2.3. Os factores internos da percepción laboral

En canto aos factores internos ocupan, en xeral, a terceira posición respecto dos demais grupos en todas as afirmacións.

Respecto da autoconfianza, as valoracións deste grupo aproxímanse á media, aínda que en xeral atópanse levemente por baixo desta (táboa 112). Cren que a súa contorna confía nas súas perspectivas laborais, tamén consideran que poderían ter calquera traballo que requira as súas habilidades e experiencia e que máis aló da súa formación e experiencia contan con calidades atractivas para os futuros empregadores (nos tres casos con 3,62 sobre 5).

Táboa 112. Autoconfianza segundo o grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
Calquera co meu nivel de habilidades e coñecementos sería demandado no mercado laboral	3,34	3,36
Á marxe da miña formación e experiencia laboral, teño características que poden atraer a distintas empresas/institucións	3,62	3,69
Creo que podería ter calquera traballo a condición de que as miñas habilidades e experiencia sexan as requiridas para ese posto	3,62	3,67
Conseguir un traballo hoxe en día é difícil, pero creo que o lograrei	3,49	3,60
Teño confianza en que terei éxito durante as entrevistas de traballo e os procesos de selección	3,14	3,18
Creo que me desenvolvería ben no meu primeiro día de traballo	3,29	3,32
Quen me coñece cren que teño boas perspectivas laborais	3,62	3,61

Trátase de persoas cunha elevada ambición, con valores algo por baixo da media (táboa 113). Así, pretenden conseguir un traballo que realmente lles guste e non un calquera (4,30 sobre 5) e que ademais reporte algo positivo á sociedade (3,95 sobre 5), consideran urxente avanzar na súa carreira (4,00 sobre 5) e teñen claro cales son as súas metas na vida (3,85 sobre 5).

Táboa 113. Ambición segundo o grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
Quero conseguir un traballo que realmente me guste, e non un calquera	4,30	4,35
Teño claro cales son as miñas metas na vida	3,85	3,97
Considérome ambicioso	3,83	3,84
Creo que é urxente progresar na miña carreira profesional	4,00	4,05
Quero traballar en algo que teña un efecto importante na sociedade	3,95	3,99

En canto ás súas competencias (táboa 114), son os que teñen as menores valoracións dos catro grupos respecto da súa capacidade para prestar atención aos detalles (4,13), para traballar en equipo (4,10 sobre 5), para entender as necesidades dos demais (4,05), para coordinar actividades (3,82 sobre 5) e para planificar as súas tarefas (3,74 sobre 5).

Táboa 114. Competencias segundo o grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
<i>Calidades persoais</i>		
Sei como me sinto en cada momento	3,93	3,98
Presto atención aos detalles	4,13	4,22
Penso dun modo analítico	4,02	4,02

Clasificación dos estudantes segundo a súa percepción laboral

Entendo as necesidades dos demais	4,05	4,11
Son bo na resolución de problemas	3,90	3,97
Resúltame fácil adquirir novos coñecementos	3,92	4,02
Reflexiono antes de tomar decisións	3,98	4,05
Teño boa predisposición a aceptar responsabilidades	4,10	4,13
Intento corrixir as miñas debilidades dunha forma sistemática	3,93	3,95
<i>Habilidades sociais</i>		
Teño capacidade para achegar novas ideas	3,89	3,96
Teño capacidade para negociar e chegar a acordos mantendo as formas	3,97	3,99
Teño capacidade para mobilizar as capacidades doutros	3,73	3,77
Teño capacidade para facer valer a miña autoridade	3,69	3,71
Teño capacidade para cuestionar ideas propias ou alleas	3,86	3,91
Teño capacidade para demostrar as miñas calidades aos demais	3,91	3,95
Teño capacidade para convencer aos empregadores potenciais do que eu vallo	3,89	3,83
<i>Traballo autónomo e en equipo</i>		
Teño capacidade para traballar ben en equipo	4,10	4,19
Teño capacidade para traballar ben de forma independente	4,13	4,18
Teño capacidade para redactar informes ou documentos	3,77	3,76
Teño capacidade para escribir de forma metódica e clara	3,85	3,88
Teño capacidade para expresar verbalmente as miñas ideas a outros	3,76	3,87
Teño capacidade para interactuar con persoas de diferentes orixes culturais, relixións e etnias	4,03	4,13
Teño capacidade para realizar presentacións orais	3,59	3,60

<i>Adaptación</i>		
Teño capacidade para traballar baixo presión	3,76	3,72
Teño capacidade para enfrontarme a situacións non esperadas	3,82	3,85
Teño capacidade para adaptarme facilmente a novas situacións	3,94	3,99
Teño capacidade para conseguir información para resolver problemas	3,91	3,99
<i>Eficacia</i>		
Teño capacidade para usar o tempo de forma efectiva	3,74	3,72
Teño capacidade para planificar as miñas tarefas	3,74	3,83
Teño capacidade para coordinar actividades	3,82	3,93

Respecto da formación (táboa 115), son os que ofrecen a segunda valoración máis alta dos catro grupos ao considerar os seus estudos como prioritarios (3,93 sobre 5) e, a valoración máis baixa no relativo ao seu desexo de formarse ao longo da súa vida (4,14 sobre 5).

Táboa 115. Formación segundo o grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
<i>Desempeño nos estudos</i>		
Consigo altas cualificacións	3,50	3,47
Estou satisfeito co meu rendemento académico ata o momento	3,39	3,39
Domino a miña área de estudos	3,57	3,59
Considero o meu traballo académico unha prioridade	3,93	3,83

<i>Formación continua</i>		
Gustaríame seguir formándome ao longo da miña vida	4,14	4,25
Responsabilízome de manter e mellorar os meus coñecementos fóra do centro universitario	3,91	4,00
Teño coñecementos doutras áreas de estudo diferentes aos da miña carreira	3,61	3,73

En canto á procura de traballo (táboa 116), este grupo mostra as terceiras valoracións máis altas dos catro grupos, salvo ao valorar a necesidade de adaptar o currículo a cada oferta de traballo (3,89 sobre 5) e a certeza de resaltar as súas calidades nun proceso de selección (3,94 sobre 5), nas que as puntuacións son similares ás do grupo 2. Así mesmo, mostran puntuacións similares ás do grupo 4 respecto ao coñecemento que teñen para conseguir o traballo que queren (3,36 sobre 5) ou en relación ao que queren da súa vida profesional ademais do económico (3,89 sobre 5).

Táboa 116. Procura de emprego segundo o grupo 3
(media do grupo e mostra)

	Grupo 3	Mostra
<i>Coñecemento na procura de emprego</i>		
Sei o que quero facer cando remate a carreira	3,37	3,52
Sei o que se require para conseguir o traballo que quero ter	3,36	3,54
Sei onde atopar información acerca dos traballos que me interesan	3,19	3,33
Sei que tipo de traballos adáptanse á miña personalidade	3,53	3,64
Ademais de diñeiro, sei o que quero da miña vida laboral	3,89	4,03
Creo que coñezo ben os medios que existen para buscar emprego	3,19	3,17

<i>Currículo e entrevista de traballo</i>		
Sei elaborar un currículo vitae	3,57	3,62
Creo que debo adaptar o meu currículo de acordo coas características de cada oferta de traballo	3,89	3,89
Penso ir en persoa ás empresas/institucións nas que me gustaría traballar	3,85	3,91
Preguntarei as miñas dúbidas durante unha entrevista de traballo	3,70	3,75
Nun proceso de selección resaltarei as miñas calidades	3,94	3,98

4.4. GRUPO 4: ESTUDANTES CON BAIXA PERCEPCIÓN LABORAL

O cuarto grupo está formado polos estudantes que, en base á súa percepción, considéranse a si mesmos como os menos empregables. Inclúe ao 43,25% de estudantes. As características que definen este grupo descríbense a continuación.

4.4.1. Características segundo o perfil

4.4.1.1. O xénero

Segundo o xénero, é o grupo no que se concentra un maior número de mulleres. Un 68,59% dos estudantes deste grupo son mulleres, por encima da porcentaxe de mulleres total enquisadas que ascende a 59,15% (táboa 117).

Táboa 117. Estudantes do grupo 4 segundo o xénero (en %)

	Grupo 4	Mostra
Muller	68,59	59,15
Home	31,41	40,85
Total	100%	100%

4.4.1.2. A idade

O 85,04% dos estudantes deste grupo teñen menos de 26 anos, o 12,18% teñen entre 26 e 30 anos e, o 2,78% teñen máis de 30 anos (táboa 118).

Táboa 118. Estudantes do grupo 4 segundo a idade (en %)

	Grupo 4	Mostra
0 a 25 anos	85,04	82,44
26 a 30 anos	12,18	14,33
Máis de 30 anos	2,78	3,23
Total	100%	100%

4.4.1.3. A rama de ensino

Este grupo inclúe o 62,28% dos estudantes de Artes e Humanidades, o 45,59% de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 44,90% de Ciencias, o 34,17% de Enxeñaría e Arquitectura e o 28,87% de Ciencias da Saúde (táboa 65).

4.4.1.4. O campus

Neste grupo concéntrase a menor porcentaxe de estudantes do campus de Pontevedra (21,58%), sendo as porcentaxes do resto dos campus algo por encima da media (táboa 119).

Táboa 119. Estudantes do grupo 4 segundo o campus (en %)

	Grupo 4	Mostra
Vigo	57,27	56,66
Pontevedra	21,58	24,12
Ourense	21,15	19,22
Total	100%	100%

4.4.1.5. A titulación

Entre as titulacións máis representadas neste grupo (táboa 67) están Enxeñaría Forestal (80%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (80%), Linguas Estranxeiras (68,75%), Belas Artes (65,72%), Ciencias do Mar (64,29%), Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (62,50%), Traballo Social (61,54%), Tradución e Interpretación (61,23%), Comunicación Audiovisual (58,82%), Relacións Laborais e Recursos Humanos (58,62%), Enxeñaría Eléctrica (58,33%), Dereito (56,90%), Enfermería (54,54%), Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (50%), Ciencias Ambientais (50%), Economía (50%), Xeografía e Historia (50%), Administración e Dirección de Empresas (46,67%), Publicidade e Relacións Públicas (46,66%), Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos (46,15%), Química (42,85%), Educación Primaria (41,93%), Enxeñaría da Enerxía (40%),

Dirección e Xestión Pública (38,46%), Bioloxía (36,17%) e Educación Infantil (34,88%).

4.4.1.6. O centro universitario

Os principais centros aos que pertencen os estudantes deste grupo (táboa 68) son a Escola de Enxeñaría Forestal (80%), a Escola de Enfermería de Pontevedra e de Ourense (ambas con 66,67%), a Facultade de Belas Artes (65,72%), a Facultade de Ciencias do Mar (64,29%), a Facultade de Dereito (64,29%), a Facultade de Filoloxía e Tradución (62,32%), a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo (57,15%), a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (56,16%), a Escola Universitaria de Enfermería de Povisa (54,55%), a Facultade de Ciencias (50%), a Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación e a Escola Universitaria de Enfermería do Meixoeiro (ambas con 47,62%), a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais (45,24%), a Facultade de Ciencias da Educación (43,59%), a Facultade de Química (42,85%), a Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía (42,43%), a Escola de Enxeñaría Industrial (39,19%) e a Facultade de Bioloxía (36,17%).

4.4.1.7. A situación laboral actual

Respecto da situación actual dos estudantes, neste grupo concéntrase a menor proporción de estudantes que simultaneamente traballan (14,32% fronte a 17,19% da media) (táboa 120).

Táboa 120. Estudantes do grupo 4 segundo a situación actual (en %)

	Grupo 4	Mostra
Estudiante	85,68	82,81
Estudiante e traballador	14,32	17,19
Total	100%	100%

4.4.1.8. A experiencia laboral

A porcentaxe de estudantes con experiencia laboral neste grupo é a máis baixa dos catro grupos (53,42%) (táboa 121). Do mesmo xeito, a valoración desta experiencia recibe as puntuacións máis baixas en todas as afirmacións (táboa 122).

Táboa 121. Estudantes do grupo 4 segundo a experiencia (en %)

	Grupo 4	Mostra
Sen experiencia	46,58	43,07
Con experiencia	53,42	56,93
Total	100%	100%

Táboa 122. Experiencia segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
A miña experiencia laboral está relacionada coa miña carreira	2,99	3,16
A miña experiencia laboral permitíume aplicar dun modo práctico os coñecementos da miña carreira	2,31	2,58
Grazas á miña experiencia laboral aprendín moito	3,73	3,93
A miña experiencia laboral fixo que conseguise un bo traballo	2,83	3,09
Valoro a miña experiencia laboral de xeito positivo	3,49	3,71

4.4.2. Características segundo a percepción laboral e os seus factores

Este grupo caracterízase por presentar, en xeral, os valores máis baixos dos catro grupos no que se refire á percepción laboral e aos factores externos e internos desta.

4.4.2.1. A percepción laboral

Estes estudantes teñen a percepción laboral máis baixa dos catro grupos, sendo os máis pesimistas valorando, en xeral eses indicadores coas menores puntuacións de todo o cuestionario (táboa 123).

Táboa 123. Percepción laboral segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
Estou seguro de que vou atopar traballo facilmente se empezo a buscar	1,97	2,88
No caso de quedarme sen traballo, penso que podería atopar de inmediato un traballo de igual valor	1,76	2,67
Se non estivese contento co meu traballo, penso que podería atopar de inmediato un traballo de igual valor	1,76	2,64

4.4.2.2. Os factores externos da percepción laboral

Os factores externos son valorados por este grupo coas puntuacións máis baixas dos catro grupos.

En canto ao mercado laboral, perciben que este non lles é propicio (táboa 124) sinalando, cunha valoración de 2,33 sobre 5 puntos, a pouca facilidade

para atopar oportunidades de traballo no seu ámbito e menos aínda na súa zona xeográfica (2,17 sobre 5). Aínda así, valoran con 2,87 puntos sobre 5 que finalizar o grao no que están matriculados supón unha vantaxe para atopar traballo.

Táboa 124. Mercado laboral segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
Estudantes da miña carreira son moi demandados no mercado laboral	2,61	2,95
Terminar o grao que estou a estudar, supón unha vantaxe á hora de atopar traballo	2,87	3,16
Podo atopar facilmente oportunidades de traballo no meu ámbito de estudos	2,33	2,72
Na miña zona xeográfica hai demanda de graduad@s da carreira que estou a estudar	2,17	2,54

En canto á percepción que este grupo ten da Universidade de Vigo (táboa 125), o aspecto mellor valorado é a reputación desta na súa carreira (2,75 sobre 5), a satisfacción de elixila respecto doutras (2,72 sobre 5) e o orgullo de contar a outros que estudan nesta universidade (2,68 sobre 5).

Táboa 125. Universidade segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
Penso que os empregadores diríxense especialmente a esta universidade para contratar a graduad@s da miña carreira	2,10	2,37
Considero que o status desta universidade axudaram a á hora de buscar emprego	2,36	2,60
Esta universidade ten unha boa reputación na miña carreira	2,75	2,99
Falo aos meus amigos desta universidade como unha gran universidade para estudar	2,41	2,63
Eu síntome orgulloso de dicir a outras persoas que estou a estudar nesta universidade	2,68	2,87

O funcionamento desta universidade (relación cos profesores, asistencia a clase, actividades complementarias...) penso que me axudou nos meus resultados	2,54	2,79
Eu estou moi content@ de elixir esta universidade respecto doutras que considereí no momento en que ía comezar os meus estudos universitarios	2,72	2,96
Penso que esta universidade é unha das mellores universidades nas que podo estudar	2,26	2,48

Este grupo é o que menos valora ao profesorado (táboa 126) con valores que van entre 2,78 e 2,82. Do mesmo xeito valoran ao centro universitario (táboa 127), salvo ao considerar a existencia de prácticas con empresas ou institucións, onde a valoración é similar á do grupo 3.

Táboa 126. Profesorado segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
En xeral, os profesores da miña carreira impartiron eficazmente os coñecementos	2,78	2,97
En xeral, os profesores da miña carreira servíronme de axuda	2,82	3,04
En xeral, teño unha boa valoración dos profesores da miña carreira	2,81	3,06

Táboa 127. Centro universitario segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
<i>Compromiso co matching empresarial</i>		
Celébranse foros de emprego exclusivos para o centro	2,36	2,57
Realízanse presentacións dos posibles empregadores no propio centro a través de conferencias, coloquios,...	2,37	2,52
Realízanse probas de selección por parte das empresas nas instalacións do centro	1,90	2,08

<i>Xestión de bolsas e prácticas en empresas ou institucións</i>		
Existen bolsas para realizar prácticas en empresas/institucións no estranxeiro	2,96	3,09
Existen bolsas de traballo coordinadas polo centro con empresas/institucións	2,67	2,79
Existen prácticas coordinadas polo centro con empresas/institucións	3,10	3,20

Respecto da valoración da contorna persoal (táboa 128), consideran se os seus contactos sociais lles poden axudar a atopar un traballo con valoracións de 2,18 e 1,88 sobre 5, que a súa contorna lles transmitiu unha actitude favorable cara ao traballo (3,33 e 3,01 sobre 5) e que as súas circunstancias persoais lles permiten flexibilidade horaria e xeográfica (3,44 e 3,40 sobre 5, respectivamente). Estas valoracións son as máis baixas de todos os estudantes enquisados.

Táboa 128. Contorna persoal segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
<i>Contactos sociais</i>		
Teño contactos persoais que me poden axudar a atopar traballo	2,18	2,55
Os meus contactos das redes sociais pódennme axudar a atopar traballo	1,88	2,20
<i>Actitude cara ao traballo</i>		
A miña contorna familiar transmitíume unha actitude positiva cara ao traballo	3,33	3,54
Os grupos aos que pertenzo (universidade, asociacións deportivas, redes sociais,...) teñen unha percepción positiva cara ao traballo	3,01	3,31

<i>Circunstancias persoais</i>		
As miñas circunstancias persoais permítenme calquera quenda (mañá/tarde) nun posible traballo	3,44	3,63
As miñas circunstancias persoais permítenme trasladarme a vivir a outra cidade por un posible traballo	3,40	3,60

4.4.2.3. Os factores internos da percepción laboral

Este grupo valora os factores internos coas puntuacións máis baixas dos catro grupos, salvo nalgunha afirmación relativa ás competencias e ao desempeño nos estudos.

Respecto da autoconfianza, as puntuacións atópanse moi por baixo da media (táboa 129). O aspecto máis valorado é a consideración das súas calidades máis aló da súa formación e experiencia, como atractivas para os futuros empregadores (3,37 sobre 5). Pola contra, a puntuación máis baixa recíbea a confianza no éxito que terán durante as entrevistas de traballo e os procesos de selección (2,51 sobre 5).

Táboa 129. Autoconfianza segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
Calquera co meu nivel de habilidades e coñecementos sería demandado no mercado laboral	3,00	3,36
Á marxe da miña formación e experiencia laboral, teño características que poden atraer a distintas empresas/institucións	3,37	3,69
Creo que podería ter calquera traballo se as miñas habilidades e experiencia sexan as requiridas para ese posto	3,32	3,67
Conseguir un traballo hoxe en día é difícil, pero creo que o lograrei	3,12	3,60

Teño confianza en que terei éxito durante as entrevistas de traballo e os procesos de selección	2,51	3,18
Creo que me desenvolvería ben no meu primeiro día de traballo	2,87	3,32
Quen me coñece cren que teño boas perspectivas laborais	3,15	3,61

Posúen unha elevada ambición (táboa 130), do mesmo xeito que o resto de grupos, aínda que menor. Sobresae o seu interese en conseguir un traballo que realmente lles guste e non un calquera (4,23 sobre 5) aínda que se consideran un pouco menos ambiciosos que o resto (3,57 fronte a 3,84 sobre 5 da media).

Táboa 130. Ambición segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
Quero conseguir un traballo que realmente me guste, e non un calquera	4,23	4,35
Teño claro cales son as miñas metas na vida	3,79	3,97
Considérome ambicioso	3,57	3,84
Creo que é urxente progresar na miña carreira profesional	3,90	4,05
Quero traballar en algo que teña un efecto importante na sociedade	3,84	3,99

En xeral, a valoración das súas competencias (táboa 131) é a máis baixa dos catro grupos, fóra dalgunhas afirmacións que están mellor puntuadas que o grupo 3, como a capacidade para traballar ben en equipo (4,13 sobre 5) e para prestar atención aos detalles (4,16 sobre 5), para entender as

necesidades dos demais (4,07 sobre 5), para coordinar actividades (3,84 sobre 5) e para planificar tarefas (3,75 sobre 5).

Táboa 131. Competencias segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
<i>Calidades persoais</i>		
Sei como me sinto en cada momento	3,87	3,98
Presto atención aos detalles	4,16	4,22
Penso dun modo analítico	3,90	4,02
Entendo as necesidades dos demais	4,07	4,11
Son bo na resolución de problemas	3,84	3,97
Resúltame fácil adquirir novos coñecementos	3,90	4,02
Reflexiono antes de tomar decisións	3,98	4,05
Teño boa predisposición a aceptar responsabilidades	4,03	4,13
Intento corrixir as miñas debilidades dunha forma sistemática	3,81	3,95
<i>Habilidades sociais</i>		
Teño capacidade para achegar novas ideas	3,81	3,96
Teño capacidade para negociar e chegar a acordos mantendo as formas	3,88	3,99
Teño capacidade para mobilizar as capacidades doutros	3,63	3,77
Teño capacidade para facer valer a miña autoridade	3,52	3,71
Teño capacidade para cuestionar ideas propias ou alleas	3,75	3,91
Teño capacidade para demostrar as miñas calidades aos demais	3,80	3,95
Teño capacidade para convencer aos empregadores potenciais do que eu vallo	3,59	3,83

<i>Traballo autónomo e en equipo</i>		
Teño capacidade para traballar ben en equipo	4,13	4,19
Teño capacidade para traballar ben de forma independente	4,06	4,18
Teño capacidade para redactar informes ou documentos	3,66	3,76
Teño capacidade para escribir de forma metódica e clara	3,78	3,88
Teño capacidade para expresar verbalmente as miñas ideas a outros	3,73	3,87
Teño capacidade para interactuar con persoas de diferentes orixes culturais, relixións e etnias	4,01	4,13
Teño capacidade para realizar presentacións orais	3,40	3,60
<i>Adaptación</i>		
Teño capacidade para traballar baixo presión	3,53	3,72
Teño capacidade para enfrontarme a situacións non esperadas	3,68	3,85
Teño capacidade para adaptarme facilmente a novas situacións	3,82	3,99
Teño capacidade para conseguir información para resolver problemas	3,86	3,99
<i>Eficacia</i>		
Teño capacidade para usar o tempo de forma efectiva	3,54	3,72
Teño capacidade para planificar as miñas tarefas	3,75	3,83
Teño capacidade para coordinar actividades	3,84	3,93

En canto á formación (táboa 132) son, dos catro grupos, os que menores puntuacións obteñen, salvo ao valorar que lles gustaría seguir formándose ao longo da súa vida (4,17 sobre 5), puntuación superior á do grupo 3.

Táboa 132. Formación segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
<i>Desempeño nos estudos</i>		
Consigo altas cualificacións	3,31	3,47
Estou satisfeito co meu rendemento académico ata o momento	3,22	3,39
Domino a miña área de estudos	3,35	3,59
Considero o meu traballo académico unha prioridade	3,69	3,83
<i>Formación continua</i>		
Gustaríame seguir formándome ao longo da miña vida	4,17	4,25
Responsabilízome de manter e mellorar os meus coñecementos fóra do centro universitario	3,83	4,00
Teño coñecementos doutras áreas de estudo diferentes aos da miña carreira	3,50	3,73

Respecto da procura de emprego (táboa 133), este grupo mostra as valoracións máis baixas dos catro grupos en todas as afirmacións.

Táboa 133. Procura de emprego segundo o grupo 4
(media do grupo e mostra)

	Grupo 4	Mostra
<i>Coñecemento na procura de emprego</i>		
Sei o que quero facer cando remate a carreira	3,32	3,52
Sei o que se require para conseguir o traballo que quero ter	3,33	3,54
Sei onde atopar información acerca dos traballos que me interesan	3,04	3,33
Sei que tipo de traballos adáptanse á miña personalidade	3,43	3,64
Ademais de diñeiro, sei o que quero da miña vida laboral	3,87	4,03
Creo que coñezo ben os medios que existen para buscar emprego	2,88	3,17

<i>Currículo e entrevista de traballo</i>		
Sei elaborar un currículo vitae	3,43	3,62
Creo que debo adaptar o meu currículo de acordo coas características de cada oferta de traballo	3,76	3,89
Penso ir en persoa ás empresas/institucións nas que me gustaría traballar	3,75	3,91
Preguntarei as miñas dúbidas durante unha entrevista de traballo	3,54	3,75
Nun proceso de selección resaltarei as miñas calidades	3,84	3,98

5. Conclusiones

5.1. CARACTERÍSTICAS DOS ESTUDANTES

5.1.1. O xénero

- A mostra está formada polo 40,85% de homes e ou 59,15% de mulleres.
- Para todas as ramas de ensino a porcentaxe de mulleres é superior ao de homes, excepto na de Enxeñería e Arquitectura.
- As titulacións que superan o 75% de mulleres son as de Estudos de Galego e Español, Educación Infantil, Traballo Social, Linguas Estranxeiras, Tradución e Interpretación, Enfermería, Educación Primaria, Ciencias Ambientais e Ciencias do Mar.

5.1.2. A idade

- O 82,44% ten menos de 26 anos e o 3,23% supera os 30 anos de idade.

- A rama de Ciencias é a que conta con máis estudantes de menos de 26 anos e, as de Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura as que teñen máis estudantes que superan os 25 anos, con porcentaxes moi similares. Ciencias da Saúde é, ademais, a que ten máis estudantes que superan os 30 anos.
- Os graos que se compoñen dos estudantes máis novos (menos de 26 anos) son os de Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais, Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, Economía, Ciencias do Mar e, Ciencias e Tecnoloxías dos Alimentos. Pola contra, os graos con máis estudantes que superan os 30 anos son os de Belas Artes, Enfermería e, Xeografía e Historia.

5.1.3. A rama de ensino

- A mostra distribúese segundo as porcentaxes de estudantes de último curso de grao da Universidade de Vigo en cada rama de ensino. O 49,26% son estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 22,18% de Enxeñaría e Arquitectura, o 10,54% de Artes e Humanidades, o 9,06% de Ciencias e o 8,96% de Ciencias da Saúde.
- No campus de Vigo as ramas que teñen maior porcentaxe de representación son a de Ciencias e, a de Enxeñaría e Arquitectura; no de Pontevedra, a de Ciencias da Saúde, a de Ciencias Sociais e Xurídicas e a de Artes e Humanidades e; no de Ourense, a de Ciencias Sociais e Xurídicas e, a de Enxeñaría e Arquitectura.

5.1.4. Os anos na carreira

- O 78,65% dos estudantes levan no grao 4 anos ou menos. O resto, máis de 4 anos.
- Segundo o xénero, levan máis de 4 anos na carreira o 28,96% dos homes e o 16,10% das mulleres.
- Para o 91,75% dos estudantes de Ciencias da Saúde e o 89,47% dos de Artes e Humanidades pasaron 4 anos ou menos desde que iniciaron os seus estudos de grao. Para os de Ciencias e, os de Ciencias Sociais e Xurídicas esta porcentaxe é menor, aínda que por encima do 80% (81,63% e 80,11%, respectivamente), e para os de Enxeñaría e Arquitectura é do 63,75%.
- Por titulación, máis do 90% dos estudantes levan no grao 4 anos ou menos en Comunicación Audiovisual, Estudios de Galego e Español e Ciencias Ambientais (nos tres casos o 100%), Tradución e Interpretación (97,96%), Educación Primaria (97,85%), Educación Infantil (97,68%), Publicidade e Relacións Públicas (96%), Enfermería (94,55%) e Ciencias da Actividade Física e o Deporte (93,48%). Pola contra, tardaron máis de 4 anos, a metade ou máis dos estudantes de Enxeñaría en Electrónica Industrial e Automática (83,33%), Dereito (58,62%), Enxeñaría Eléctrica e Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (50% en ambos).

5.1.5. A situación laboral actual

- O 16,88% dos estudantes compatibiliza os seus estudos cun traballo.

- Dos estudantes menores de 26 anos o 12,90% compatibiliza os seus estudos cun traballo, sendo esta porcentaxe moi superior no caso dos estudantes de máis idade (32,30% para os que teñen entre 26 e 30 anos e 60% para os de máis de 30 anos).
- Estudan e traballan en torno ao 20% dos estudantes das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas e de Artes e Humanidades (20,45% e 18,42%, respectivamente). No resto de ramas de ensino, esta porcentaxe é menor, superando en todos os casos o 12% (Ciencias da Saúde, 14,43%; Ciencias, 13,27% e; Enxeñaría e Arquitectura, 12,08%).
- Por titulación, compatibilizan os seus estudos cun traballo máis do 30% dos estudantes de Enxeñaría Forestal e Enxeñaría Agraria (40% en ambos), Comercio (39,29%), Belas Artes (31,43%) e Xestión Pública (30,77%).

5.1.6. A experiencia laboral

- O 56,93% dos estudantes teñen algún tipo de experiencia laboral fronte ao 43,07% que din non tela.
- Ao redor da metade dos estudantes de menos de 26 anos contan con experiencia laboral (52,35%), sendo estas porcentaxes moito máis elevadas nos tramos de idade superiores (74,84% para os estudantes entre 26 e 30 anos e, 94,29% para os que superan os 30 anos).
- De acordo coa rama de ensino, teñen experiencia laboral máis da metade dos estudantes das ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas (64,16%), Artes e Humanidades (63,16%) e Ciencias (58,16%). No

caso dos das ramas de Enxeñaría e Arquitectura e, Ciencias da Saúde esta porcentaxe é inferior (45% e 38,14%, respectivamente).

- Por titulación, teñen experiencia laboral máis do 70% dos estudantes dos graos de Dirección e Xestión Pública (o 92,31%), Comercio (82,14%), Enxeñaría Agraria (80%) e, Ciencias da Actividade Física e do Deporte (78,26%).

5.2. A PERCEPCIÓN LABORAL E OS FACTORES EXTERNOS E INTERNOS

5.2.1. A percepción laboral

- Os estudantes valoran a súa percepción laboral entre 2,64 e 2,88 sobre 5 puntos de media. En particular, o que máis valoran é a seguridade que teñen en que van atopar un traballo cando o busquen, con 2,88 sobre 5. Ademais, valoran a crenza de que, unha vez que teñan un traballo, poderán atopar outro similar no caso de quedar sen o mesmo con 2,67 e, no caso de non estar contentos con el con 2,64.
- Os estudantes de Ciencias da Saúde son os que perciben unha maior percepción laboral, seguidos dos Enxeñaría e Arquitectura; en ambas as ramas, por encima da media.

5.2.2. Os factores externos da percepción laboral

5.2.2.1. O mercado laboral

- Os estudantes perciben o mercado laboral en relación co seu ámbito de estudos con valores, en xeral, entre 2,54 e 3,16 sobre 5.
- En particular, valoran o beneficio que lles supón terminar o grao para atopar traballo con 3,16 sobre 5, a demanda de traballo de estudantes da súa carreira con 2,95, a facilidade para atopar oportunidades de traballo no seu ámbito de estudos con 2,72 e, a demanda laboral na súa zona xeográfica con 2,54.
- Sobre o mercado laboral, en xeral, son os estudantes de Enxeñaría e Arquitectura os que ofrecen valores máis elevados, seguidos dos de Ciencias da Saúde.

5.2.2.2. A universidade

- A reputación da Universidade de Vigo, na medida en que esta favorece a empregabilidade dos estudantes é percibida con valores entre 2,37 e 2,99 sobre 5. En particular, valoran con 2,99 sobre 5 se a Universidade de Vigo ten unha boa reputación na súa carreira, con 2,60 se o status da Universidade de Vigo lles axudará á hora de atopar traballo e, con 2,37 se os empregadores se dirixen especialmente a esta universidade para contratar a graduados da súa carreira. En xeral, teñen unha maior valoración da reputación da Universidade de Vigo os estudantes de Enxeñaría e Arquitectura, os de Ciencias da Saúde e os de Ciencias.

- A satisfacción e a lealdade que senten os estudantes cara á Universidade de Vigo son valoradas, en xeral, entre 2,48 e 2,96 sobre 5. En detalle, valoran con 2,96 a satisfacción de elixila para estudar respecto doutras universidades, con 2,87 o orgullo que senten de dicir a outros que estudan nela, con 2,79 a axuda que lles supuxo o funcionamento desta, con 2,63 se falan dela positivamente aos seus amigos, ademais de valorala con 2,48 como unha das mellores universidades onde estudar. En xeral, os máis satisfeitos e leais son os estudantes da rama de Ciencias seguidos dos de Ciencias da Saúde.

5.2.2.3. O profesorado

- En xeral, os profesores reciben unha valoración positiva, ao redor de 3 sobre 5 puntos. En particular, os estudantes pensan se estes lles serviron de axuda (3,04), se foron eficaces ao impartir os coñecementos (2,97), e, en resumo, valóranos positivamente (3,06).
- Os estudantes da rama de Ciencias son os que máis os valoran, seguidos dos de Ciencias da Saúde.

5.2.2.4. O centro universitario

O compromiso co *matching* empresarial

- A realización de actividades con empregadores no centro é valorada polos estudantes, en xeral, entre 2,08 e 2,57 sobre 5. Puntúan con 2,57 a celebración de foros de emprego no centro, con 2,52 a de conferencias ou coloquios con empregadores e, en 2,08 a realización de probas de selección no propio centro.

- Nestas actividades son, en xeral, os estudantes da rama de Enxeñaría e Arquitectura e, os de Ciencias os que maior valoración ofrecen.

A xestión de bolsas e prácticas en empresas ou institucións

- A xestión de bolsas para realizar prácticas no estranxeiro, a realización de prácticas en empresas ou institucións e a dispoñibilidade de bolsas de traballo coordinadas polo centro teñen unha valoración media de todos os estudantes de 3,09, 3,20 e 2,79 sobre 5, respectivamente.
- Nestas actividades, en xeral, os que maior valoración ofrecen son os estudantes da rama de Ciencias seguidos dos de Enxeñaría e Arquitectura.

5.2.2.5. A contorna persoal

Os contactos sociais

- Os contactos que posúen os estudantes e que poden axudarlles a unha adecuada inserción laboral na súa área de estudos, en xeral, teñen valores ao redor da metade da puntuación posible. En particular, perciben a axuda que poden ter dos seus contactos persoais cun valor medio de 2,55 sobre 5, e a axuda dos seus contactos das redes sociais con 2,20.
- Os estudantes que, en xeral, pensan que poden ter máis axuda dos seus contactos sociais son os de Ciencias da Saúde seguidos dos de Enxeñaría e Arquitectura.

A actitude cara ao traballo

- A cultura cara ao traballo que lles transmitiron aos estudantes os grupos aos que pertencen é positiva, con valores en torno ao 3,50 sobre 5. Así, pensan que a contorna familiar lles transmitiu unha actitude positiva valorada en 3,54 e, os demais grupos da súa contorna, en 3,31.
- Os estudantes de Ciencias da Saúde e os de Enxeñaría e Arquitectura son, en xeral, os que máis consideran que a súa contorna inculcoulles unha actitude positiva cara ao traballo.

As circunstancias persoais

- A situación persoal que posúen os estudantes na medida en que lles permite flexibilidade para adaptarse a un posible emprego é valorada en 3,60 sobre 5. En particular, puntúan a dispoñibilidade horaria para un futuro traballo en 3,63 e, a dispoñibilidade de trasladarse a outra cidade en 3,60.
- En resumo, os estudantes que teñen unhas circunstancias persoais que lles permiten maior flexibilidade laboral son os da rama de Ciencias da Saúde, seguidos dos de Ciencias.

5.2.3. Os factores internos da percepción laboral

5.2.3.1. A autoconfianza

- En primeiro lugar, respecto da autoconfianza dos estudantes nas súas calidades para atopar un traballo, esta é valorada entre 3,36 e 3,69

sobre 5. Así, pensan que teñen características á marxe da súa formación e experiencia que son atractivas para os futuros empregadores (3,69), que poden aspirar a calquera traballo sempre que teñan as habilidades e experiencia que require (3,67) e, que teñen unhas calidades adecuadas para o mercado laboral (3,36).

- En segundo lugar, sobre a autoconfianza dos estudantes nunha adecuada inserción laboral, esta é valorada entre 3,18 e 3,61 sobre 5. En particular, teñen confianza no apoio que lles transmite a súa contorna persoal (3,61), en que van atopar un traballo aínda sabendo que na actualidade non é fácil (3,60) e, no seu desenvolvemento tanto no primeiro día de traballo (3,32) como nos procesos de selección (3,18).
- En resumo, os estudantes que teñen maior autoconfianza son os de Ciencias da Saúde e, os de Enxeñaría e Arquitectura.

5.2.3.2. A ambición

- A ambición profesional que perciben que posúen os estudantes presenta uns valores elevados, superiores a 4 sobre 5 ou moi próximos para todas as ramas de ensino. En particular, valoran a pretensión de conseguir un traballo que lles guste e non un calquera con 4,35 sobre 5, a urxencia por progresar na súa carreira profesional con 4,05, a pretensión de que o seu traballo teña un efecto positivo para a sociedade con 3,99, a claridade das súas metas na vida con 3,97 e, por último, o ambiciosos que se consideran dun modo xeral con 3,84.

- Os estudantes de Ciencias da Saúde e os de Artes e Humanidades son, en xeral, os máis ambiciosos.

5.2.3.3. As competencias

As calidades persoais

- En primeiro lugar, os estudantes valoran as calidades persoais relacionadas co autocoñecemento, a mellora persoal, a predisposición ás responsabilidades e a empatía, con valoracións de 3,95 sobre 5 e superiores. En particular, valoran con 4,13 a predisposición para aceptar responsabilidades, con 4,11 a capacidade para entender as necesidades dos demais, con 3,98 o coñecemento que teñen dos seus sentimentos en cada momento e, con 3,95 o afán de mellora persoal.
- En segundo lugar, puntúan as calidades persoais relacionadas coa toma de decisións con valoracións a partir de 3,97 sobre 5. En concreto, puntúan a capacidade para prestar atención aos detalles con 4,22, a capacidade de reflexionar antes de tomar decisións con 4,05, a facilidade tanto para adquirir novos coñecementos como para pensar dun modo analítico con 4,02 e, a capacidade para resolver problemas con 3,97.
- De modo global, os estudantes que teñen unha maior valoración das súas calidades persoais son os de Ciencias da Saúde e, os de Artes e Humanidades.

As habilidades sociais

- En primeiro lugar, as habilidades que teñen os estudantes en canto a saber relacionarse cos demais reciben unha valoración superior a 3,90 sobre 5. En particular, a capacidade de negociar con outros é valorada con 3,99, a de achegar ideas novas con 3,96, a de saber dar a coñecer as calidades propias aos demais con 3,95 e, a de cuestionar as ideas propias ou doutros con 3,91.
- En segundo lugar, as habilidades propias dun líder que mostran os estudantes son valoradas entre 3,71 e 3,83 sobre 5. En particular, a capacidade de convencer aos futuros empregadores sobre o que o estudante vale en 3,83, a de mobilizar as capacidades doutros en 3,77 e, a de interpoñer a súa autoridade en 3,71.
- En resumo, os estudantes que teñen unha maior valoración das súas habilidades sociais son os de Artes e Humanidades e, os de Ciencias Sociais e Xurídicas.

O traballo autónomo e en equipo

- O traballo autónomo dos estudantes é valorado entre 3,76 e 4,18 sobre 5. En particular, valoran con 4,18 a capacidade de traballar de forma independente, con 3,88 a capacidade para escribir de forma metódica e clara e, con 3,76 a capacidade para redactar informes.
- O traballo en equipo é valorado entre 3,60 e 4,19 sobre 5. En detalle, valoran a capacidade de traballar en equipo con 4,19, a de saber relacionarse con persoas doutras culturas con 4,13, a de saber

expresar verbalmente as súas ideas a outros con 3,87 e a de realizar presentacións orais con 3,60.

- En resumo, os estudantes que consideran que teñen maior capacidade para traballar a nivel autónomo e en equipo son os de Ciencias e, os de Artes e Humanidades.

A adaptación

- A capacidade de adaptación do estudante é valorada entre 3,72 e 3,99 sobre 5. En particular, as capacidades para adaptarse a novas situacións e para conseguir información para resolver problemas, son valoradas ambas en 3,99, a de enfrontarse a situacións non esperadas en 3,85 e, a de traballar baixo presión en 3,72.
- Os estudantes de Artes e Humanidades son, en xeral, os que teñen maior capacidade de adaptación, seguidos dos de Ciencias, aínda que os das demais ramas mostran valoracións moi próximas.

A eficacia

- A eficacia na organización e planificación de tarefas é valorada entre 3,72 e 4,36 sobre 5. En detalle, a capacidade de ser responsable en 4,36, a de coordinar actividades en 3,93, a de planificar as tarefas en 3,83 e, a de usar o tempo de forma efectiva en 3,72.
- Os estudantes de Ciencias da Saúde, os de Artes e Humanidades e os de Ciencias son, en xeral, os que maior valoración ofrecen nas percepcións sobre a súa eficacia.

5.2.3.4. A formación

O desempeño nos estudos

- Os resultados alcanzados no grao son valorados positivamente entre 3,39 e 3,83 sobre 5. En particular, puntúan o considerar os estudos como algo prioritario en 3,83, o dominio da súa área de estudos en 3,59, o conseguir cualificacións altas en 3,47 e, o estar satisfeitos co desempeño académico ata agora en 3,39.
- Os estudantes que máis valoran o seu desempeño nos estudos son, en xeral, os de Ciencias da Saúde e, os de Artes e Humanidades.

A formación continua

- Os estudantes valoran o seu compromiso coa formación complementaria á do grao entre 3,73 e 4,25 sobre 5. En particular, valoran que lles gustaría seguir formándose ao longo de toda a vida (4,25), que completan os seus coñecementos fóra do centro (4,00) e, que teñen coñecementos doutras áreas de estudo diferentes das do grao que cursan (3,73).
- Os estudantes de Ciencias da Saúde e os de Ciencias son, en xeral, os que máis puntúan a súa formación continua.

5.2.3.5. A procura de emprego

O coñecemento na procura de emprego

- En primeiro lugar, o coñecemento que teñen os estudantes sobre o que realmente queren no momento da procura de traballo é

valorado entre 3,52 e 4,03 sobre 5 puntos. En particular, valoran o coñecemento sobre o que pretenden conseguir na súa vida laboral máis aló do económico en 4,03, sobre o que queren facer ao terminar a carreira en 3,52 e, sobre que traballos son afíns á súa personalidade en 3,64.

- En segundo lugar, o coñecemento que teñen os estudantes sobre as actuacións que son necesarias para buscar traballo é valorado entre 3,17 e 3,54 sobre 5. Máis concretamente, valoran o coñecemento do que se require para conseguir o traballo que lles gustaría en 3,54, o coñecemento sobre onde atopar información do traballo que desexan en 3,33 e, o coñecemento dos medios necesarios para atopalo, en 3,17.
- En xeral, o coñecemento sobre a procura de emprego ten maior valoración nos estudantes de Ciencias da Saúde e, os de Ciencias Sociais e Xurídicas.

O currículo e a entrevista de traballo

- En primeiro lugar, o coñecemento sobre a elaboración e entrega do currículo é valorado polos estudantes entre 3,62 e 3,91 sobre 5. En concreto, o convencemento da necesidade de entregar en persoa o currículo naquelas empresas ou institucións onde lles gustaría traballar puntúa con 3,91, a necesidade de adaptar o currículo de acordo co traballo solicitado con 3,89 e, a capacidade de elaborar un bo currículo con 3,62.
- En segundo lugar, a actitude nas entrevistas de traballo é valorada en 3,98 cando evalúan se pensan resaltar as súas calidades durante a

mesma e en 3,75 cando consideran a súa pretensión de preguntar dúbidas nela.

- En resumo, os estudantes que maior valoración dan ás afirmacións sobre o currículo e as entrevistas de traballo son os de Artes e Humanidades, os Ciencias e, os Ciencias Sociais e Xurídicas.

5.2.3.6. A experiencia laboral

- A experiencia laboral que teñen os estudantes, con independencia de que esta teña ou non afinidade co grao cursado e do tipo de contrato, é valorada entre 2,57 e 3,94 sobre 5. En xeral, valóranla de maneira positiva con 3,94, con 3,71 que grazas a ela, aprenderon moito e, con 3,17 que estivese relacionada coa súa carreira. Ademais, pensan que lles valeu para poñer en práctica os coñecementos do grao (3,10) e se lles permitiu conseguir un bo traballo (2,57).
- Os estudantes que máis valoran a súa experiencia laboral son os de Ciencias da Saúde e, os de Ciencias Sociais e Xurídicas.

A evolución destes resultados anteriores respecto ao curso académico 2014/2015 é, en primeiro lugar, en canto á percepción laboral, positiva. En segundo lugar, respecto dos factores externos a esta, a evolución é positiva en xeral en todos eles, coa excepción da evolución do mercado laboral ao valorar que terminar o grado que están estudando supón unha vantaxe para atopar un traballo (0,05); do profesorado cando valoran que este lles serviu de axuda (0,01) e na súa valoración xeral (0,05); da contorna, ao valorar a actitude cara ao traballo que lles transmitiu a súa familia (0,07) e o resto da

súa contorna (0,02) e ao valorar a súa flexibilidade horaria e xeográfica debido ás súas circunstancias persoais (0,26 e 0,22, respectivamente). Os maiores incrementos danse na lealtade cara á universidade, no compromiso do centro co *matching* empresarial e a xestión de prácticas, e nos contactos das súas redes sociais como axuda para atopar traballo. Para rematar, respecto dos factores internos da percepción laboral, a evolución é negativa na maior parte dos factores, salvo ao valorar a habilidade para escribir de forma metódica e clara (0,06), a capacidade de interactuar con persoas de diferentes culturas (0,07) e a experiencia laboral, na medida que lles permitiu poñer en práctica os seus coñecementos (0,09) e que conseguisen un bo traballo (0,06).

As diferenzas respecto ao xénero na percepción laboral e nos factores externos desta son maiores nos homes que nas mulleres para aquelas afirmacións que resultaron ser estatisticamente significativas. E, respecto dos factores internos, as diferenzas, pola contra, son maiores nas mulleres en todas as afirmacións significativas, a excepción das de autoconfianza, que é maior nos homes, e das competencias de adaptación e as de coñecemento da procura de emprego, que se reparten entre homes e mulleres.

5.3. CLASIFICACIÓN DOS ESTUDANTES SEGUNDO A SÚA PERCEPCIÓN LABORAL

A través dunha análise clúster obtivéronse catro grupos de estudantes segundo o seu grao de percepción laboral.

5.3.1. Grupo 1. Estudantes con moi alta percepción laboral

- Está composto por un total de 254 estudantes (o 23,47%).
- É o único grupo en que o número de homes supera ao de mulleres (54,33% de homes fronte ao 45,67% de mulleres).
- A porcentaxe de estudantes maiores de 30 anos é moi superior ao da mostra sendo esta porcentaxe a menor de todos os grupos, mentres que a porcentaxe de estudantes maiores de 30 anos supera considerablemente ao da mostra (5,12% fronte a 3,23).
- Contén o 36,08% dos estudantes de Ciencias da Saúde, o 30,83% dos de Enxeñaría e Arquitectura, o 22,45% dos de Ciencias, o 20,83% dos de Ciencias Sociais e Xurídicas e, o 10,53% dos de Artes e Humanidades.
- Os campus aos que pertencen estes estudantes son os que máis se axustan ás porcentaxes da mostra.
- Están neste grupo a maior porcentaxe de estudantes dos graos en Fisioterapia (o 51,11%), Enxeñaría Informática (o 45,65%), Enxeñaría en Organización Industrial (o 34,78%) e Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (o 34,67%).
- En consecuencia, conteñen as maiores porcentaxes dos estudantes da Facultade de Fisioterapia, da Escola Superior de Enxeñaría Informática, da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións, así como da Escola Universitaria de Maxisterio María Sedes Sapientiae.
- É o grupo que contén a máis estudantes que combinan os seus estudos cun traballo (24,41%).

- Contén a maior porcentaxe de estudantes con experiencia laboral (61,42%), mostrando as maiores puntuacións dos catro grupos en todas as afirmacións agás cando consideran o que aprenderon grazas a ela, na que ocupan o segundo lugar.
- Presenta os valores máis altos dos catro grupos en percepción laboral e, en xeral, nos factores externos e internos desta.
- Estes estudantes son os máis optimistas en relación coa súa percepción laboral, con valores entre 4,05 e 4,16 sobre 5.
- Respecto dos factores externos da percepción laboral, son os máis optimistas dos catro grupos ao valorar o mercado laboral, considerando que terminar o grao que estudan é importante para atopar un traballo (3,64) e que a situación do mercado laboral é favorable para atopar traballo no seu ámbito de estudos (3,41), aínda que menos propicio se se trata da súa zona xeográfica (2,97). Sobre a percepción da Universidade de Vigo, mostran as maiores valoracións en todas as afirmacións respecto ao resto de grupos, con puntuacións por encima de 2,70, destacando a reputación que a Universidade de Vigo ten na carreira que estudan (3,28) e o grao de satisfacción que teñen ao elixila respecto doutras (3,26). En relación ao seu centro universitario, valoran coa maior puntuación de todos os grupos a existencia de prácticas en empresas ou institucións (3,39) e, cunha puntuación de 3,18 sobre 5, por baixo da obtida no grupo 2, a existencia de bolsas para realizar prácticas no estranxeiro. Os profesores da súa carreira son valorados entre 3,14 e 3,32 sobre 5, sendo este grupo e o seguinte, o que mellor os valora en termos xerais (3,32). Son o grupo que máis valora á súa contorna persoal, xa que consideran que contan con algúns contactos que lles poden

axudar a conseguir un traballo, xa sexan persoais (3,14) ou das redes sociais (2,72); declaran que a súa contorna, xa sexa familiar como dos grupos aos que pertencen, transmitiulles unha cultura positiva cara ao traballo (3,85 e 3,77, respectivamente); e, que as súas circunstancias persoais actuais permítenlles dispoñibilidade horaria e xeográfica (ambas co 3,89).

- Respecto dos factores internos da percepción laboral, son os estudantes que teñen o nivel máis alto tanto de autoconfianza (entre 3,96 e 4,35) como de ambición (entre 4,31 e 4,62). En relación á autoconfianza, destacan que os seus coñecidos pensan que teñen perspectivas laborais moi boas (4,35) e, en canto á ambición, buscan atopar un traballo que lles satisfaga e non calquera traballo (4,62). As competencias que consideran que teñen son valoradas coas puntuacións máis positivas dos catro grupos (entre 3,92 e 4,43). En particular, destacan a capacidade para traballar ben de forma independente (4,43) e en equipo (4,37), a de interactuar con facilidade con persoas doutras culturas (4,41), o ser detallistas (4,40) e a capacidade de adaptarse a novas situacións e a aceptar responsabilidades (ambas con 4,30). En canto á súa formación son, dos catro grupos, os que dan maiores puntuacións a todas as afirmacións, con valores que superan en todos os casos os 4 puntos de 5. En particular, dan especial importancia ao desexo de formarse ao longo da súa vida (4,46). Por último, en canto á procura de emprego, de novo obteñen as máximas valoracións de todos os estudantes, manifestando tanto ter claro o que queren da súa vida profesional á parte do diñeiro (4,40), como o saber elaborar un currículo e coñecer o desenvolvemento dunha posible entrevista de traballo con puntuacións de 4 puntos sobre 5 ou máis.

5.3.2. Grupo 2. Estudantes con alta percepción laboral

- É o de menor tamaño e está formado por 139 estudantes, que supoñen o 12,85% do total.
- Contén máis mulleres que homes (53,20% de mulleres fronte ao 46,80% de homes), con porcentaxes de distribución algo por baixo da media.
- En comparación coa media, está constituído por menos estudantes de idades comprendidas entre os 26 e os 30 anos.
- Está formado polo 23,71% dos estudantes de Ciencias da Saúde, o 15% dos de Enxeñaría e Arquitectura, o 14,28% dos de Ciencias, o 11,40% dos de Artes e Humanidades e o 9,94% dos de Ciencias Sociais e Xurídicas.
- Contén a maior porcentaxe dos catro grupos de estudantes dos campus de Pontevedra e Ourense, sendo o que menos estudantes contén do campus de Vigo.
- Neste grupo atópanse a maior porcentaxe dos estudantes de Enxeñaría Agraria (60%) e unha porcentaxe importante dos de Fisioterapia (35,56%) e dos de Xeografía e Historia (30%).
- No que respecta aos centros, os máis representados neste grupo son a Facultade de Fisioterapia (35,56%), a Escola de Enfermería de Pontevedra (33,33%) e a Facultade de Historia (30%).
- A porcentaxe de estudantes que simultaneamente estudan e traballan está a 2,08 puntos por baixo da media muestral.
- Este grupo contén o 53,96% de estudantes con experiencia laboral, estando, esta porcentaxe, algo por baixo da media. As valoracións

desta experiencia son, en xeral, as segundas máis altas dos catro grupos.

- Os estudantes deste grupo presentan, en xeral, de media, despois do grupo 1, as maiores valoracións, tanto na percepción laboral como nos factores externos e internos desta.
- En canto á súa percepción laboral, consideran que van atopar traballo con facilidade cando o busquen (4,15), cunha valoración similar á do grupo 1. Con todo, valoran máis baixo a posibilidade de atopar outro traballo se quedan sen el (2,70) ou se non lles gusta o que teñan, (2,60), sendo en ambos os casos estes valores inferiores aos dos grupos 1 e 3.
- En canto aos factores externos, perciben con optimismo, despois do grupo 1, a situación do mercado laboral, considerando que terminar o grao lles axudará a atopar traballo (3,40) e que existe demanda de estudantes da súa carreira (3,17), aínda que esta na súa zona xeográfica é menor (2,90). Valoran a Universidade de Vigo por baixo do grupo 1, obtendo así as segundas valoracións máis altas dos catro grupos, á excepción de tres afirmacións nas que amosan as maiores puntuacións dos catro grupos: son os que están máis satisfeitos de elixir esta universidade respecto doutras que consideraran (3,29), os que máis valoran que o funcionamento da Universidade de Vigo lles favoreceu nos resultados que alcanzaron (3,11) e, os que máis cren que é unha das mellores universidades para estudar (2,75). Son o grupo que máis valora o desempeño dos profesores (entre 3,24 e 3,32). Con respecto ao seu centro universitario, son o grupo que máis valora a xestión de bolsas para realizar prácticas en empresas ou institucións no estranxeiro (3,45), a xestión de bolsas de traballo

(3,02), a celebración de foros de emprego (2,85) e a realización de actividades con empregadores (2,71). En relación á súa contorna persoal, posúen as puntuacións máis altas despois do grupo 1, valorando se seus contactos persoais lles axudarán a conseguir un emprego con 2,81, se a súa contorna familiar e os grupos aos que pertencen lles transmitiron unha actitude cara ao traballo positiva (3,70 e 3,52, respectivamente) e se dispoñen de flexibilidade horaria (3,80) e xeográfica (3,65).

- En canto aos factores internos da percepción laboral, este grupo presenta as segundas valoracións máis altas dos catro grupos en xeral, con valores por encima da media dos enquisados. Contan cunha elevada autoconfianza, con valores entre 3,45 e 4,09, por baixo da dos do grupo 1, destacando que, a pesar das dificultades actuais, conseguirán un traballo (4,09) e que poden conseguir calquera posto se as súas habilidades e experiencia son as requiridas polo posto (3,94). Móstranse ambiciosos, con valoracións máis próximas ao grupo 3 que ao 1, resaltando o desexo en conseguir un traballo que lles satisfaga (4,39), a urxencia en avanzar na súa carreira profesional (4,08) e a claridade das súas metas na vida (4,05). En canto ás súas competencias, as puntuacións oscilan entre 3,67 e 4,25, a maioría delas por baixo das do grupo 1, destacando o considerarse detallistas (4,25), a capacidade para traballar ben en equipo (4,23) ou individualmente (4,21) e para interactuar con persoas doutras culturas (4,22), o entender as necesidades dos demais (4,15) e, o reflexionar antes de tomar decisións (4,12). En canto á súa formación, é o segundo grupo dos catro que máis a valora en todas as afirmacións, coa excepción da satisfacción co seu rendemento académico (3,59), moi similar á do grupo 1 e coa de considerar o seu

traballo académico como unha prioridade (3,87), por detrás do grupo 3. En canto á procura de emprego, as valoracións son tamén as segundas máis altas (entre 3,23 e 4,13), destacando o coñecemento do que queren conseguir na súa vida laboral máis aló do económico (4,13).

5.3.3. Grupo 3. Estudantes con media percepción laboral

- Contén 221 estudantes, o que representa o 20,43% sobre o total.
- A distribución de homes e mulleres é moi próxima á media. O 41,63% son homes e 58,37% son mulleres.
- A porcentaxe de estudantes maiores de 30 é a menor de todos os grupos (1,36%).
- Reúne o 23,64% dos estudantes de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 20% de Enxeñaría e Arquitectura, o 18,37% de Ciencias, o 15,79% de Artes e Humanidades e o 11,34% dos estudantes de Ciencias da Saúde.
- Este grupo contén a maior porcentaxe de estudantes do campus Vigo dos catro.
- Os estudantes máis representados son os dos graos de Enxeñaría en Química Industrial (41,18%) e os de Ciencias da Actividade Física e do Deporte (32,61%).
- Pertencen a este grupo unha porcentaxe importante dos estudantes da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e da Escola de Estudos Empresariais.

- A proporción entre os estudantes que á vez que estudan, traballan e os que non traballan obtén valores similares á media muestral.
- O 61,09% dos estudantes ten experiencia laboral, sendo esta porcentaxe a segunda máis alta dos catro grupos, por baixo da do grupo 1. Valoran a propia experiencia coas segundas puntuacións máis baixas.
- Son os estudantes que máis se aproximan en todos os indicadores de percepción laboral e dos factores externos e internos a esta, aos valores medios dados polo total dos enquisados.
- En relación á percepción laboral consideran, por baixo da media muestral, a facilidade coa que pensan atopar un traballo cando o busquen (2,53) e, por encima da media, tanto a posibilidade de conseguir outro traballo se perden o anterior (2,95) coma se non estivesen satisfeitos con el (2,90).
- Sobre os factores externos da percepción laboral, puntúan a situación do mercado laboral con valores moi similares á media da mostra e por detrás dos grupos 1 e 2 (entre 2,58 e 3,1), valorando a vantaxe que lles supón terminar os seus estudos con 3,10 e a demanda de estudantes da súa carreira en 3,02. Valoran a Universidade de Vigo coas terceiras valoracións máis altas despois dos grupos 1 e 2, destacando que consideran que ten unha boa reputación (3,03), que están satisfeitos con elixila entre outras alternativas (2,93) e que se senten orgullosos de dicir que estudan nela (2,90). Os profesores reciben as terceiras puntuacións máis altas dos 4 grupos, ao redor de 3 puntos (entre 2,99 e 3,11), de modo similar á media da mostra. Perciben os seus respectivos centros en terceiro lugar respecto dos catro grupos e en todas as afirmacións,

excepto ao valorar a existencia de prácticas en empresas ou institucións (3,10), que dan unha puntuación idéntica á dos grupo 4. Por último, respecto da súa contorna persoal, as valoracións están por detrás do grupo 1 e 2, coa excepción da dispoñibilidade xeográfica, que é igual á do grupo 2. Os contactos cos que contan para axudarlles a atopar traballo son valorados ao redor da media (os persoais con 2,48 e os das redes sociais con 2,17), a súa contorna transmitiulles unha actitude favorable cara ao traballo (familiar con 3,52 e o resto con 3,31) e contan con flexibilidade horaria (3,62) e xeográfica (3,65).

- En canto aos factores internos ocupan, en xeral, a terceira posición respecto dos demais grupos en todas as afirmacións. Respecto da autoconfianza, as valoracións deste grupo aproxímanse á media da mostra, aínda que en xeral se atopan levemente por baixo desta, considerando que os que os coñecen teñen boas perspectivas laborais, que contan con características que poden atraer aos empregadores e que poderán ter calquera traballo a condición de que as calidades que demanden sexan as que posúen (os tres con 3,62). No referente á ambición, mostran valores algo por baixo da media. Destacan que pretenden un traballo que lles guste e non un calquera (4,30), parécelles urxente progresar na súa carreira profesional (4,00) e que o seu traballo teña un efecto positivo na sociedade (3,95). En canto ás súas competencias, son os que teñen as menores valoracións dos catro grupos respecto da súa capacidade para prestar atención aos detalles (4,13), para traballar en equipo (4,10), para entender as necesidades dos demais (4,05), para coordinar actividades (3,82) e para planificar as súas tarefas (3,74). Respecto da formación, son os que ofrecen a segunda valoración

máis alta dos catro grupos ao considerar os seus estudos como prioritarios (3,93) e, a valoración máis baixa no relativo ao seu desexo de formarse ao longo da súa vida (4,14). Por último, en canto á procura de emprego, mostran as terceiras valoracións máis altas dos catro grupos, salvo ao valorar a necesidade de adaptar o currículo a cada oferta de traballo (3,89) e a pretensión de resaltar as súas calidades nun proceso de selección (3,94), nas que as puntuacións son similares ás do grupo 2. Da mesma maneira, mostran puntuacións similares ás do grupo 4 respecto ao coñecemento que teñen para conseguir o traballo que queren (3,36) ou o que queren da súa vida profesional ademais do económico (3,89).

5.3.4. Grupo 4. Estudantes con baixa percepción laboral

- Está composto por 468 estudantes, o 43,25% sobre o total.
- Respecto á distribución por xénero é o grupo con unha maior porcentaxe de mulleres.
- A porcentaxe de estudantes maiores que 25 anos é menor ao da mostra.
- Inclúe o 62,28% dos estudantes de Artes e Humanidades, o 45,59% de Ciencias Sociais e Xurídicas, o 44,90% de Ciencias, o 34,17% de Enxeñaría e Arquitectura e o 28,87% de Ciencias da Saúde.
- Neste grupo concéntrase a menor porcentaxe de estudantes do campus de Pontevedra (21,58%), sendo as porcentaxes do resto dos campus algo por encima da media.

- Os estudantes máis representados son os de Enxeñaría Forestal (80%), Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos (80%), Linguas Estranxeiras (68,75%), Belas Artes (65,72%), Ciencias do Mar (64,29%), Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais (62,50%), Traballo Social (61,54%) e Tradución e Interpretación (61,23%).
- En consecuencia, os centros máis representados son a Escola de Enxeñaría Forestal (80%), as Escolas de Enfermería de Pontevedra e Ourense (ambas con 66,67%), a Facultade de Belas Artes (65,72%), a Facultade de Ciencias do Mar (64,29%), a Facultade de Dereito (64,29%) e a Facultade de Filoloxía e Tradución (62,32%).
- Os estudantes que estudan e non traballan (85,68%) superan aos da mostra (82,81%). A porcentaxe de estudantes con experiencia laboral é a máis baixa dos catro grupos e valóranas coas puntuacións máis baixas.
- As valoracións sobre a percepción laboral, os factores externos e os factores internos son, en xeral, os valores máis baixos dos catro grupos.
- En relación á percepción laboral amosan as valoracións máis baixas dos catro grupos, valorando, en xeral, eses indicadores coas menores puntuacións de todo o cuestionario. Así, valoran con 1,97 a facilidade coa que pensan atopar un traballo cando o busquen, e con 1,76 a posibilidade de conseguir outro traballo se perden o anterior ou se non estivesen satisfeitos.
- En relación aos factores externos da percepción laboral, en canto ao mercado laboral, aínda que afirman que terminar o grao que están a estudar supón unha vantaxe para atopar traballo (2,87%), pensan que non é fácil atopar oportunidades de traballo no seu ámbito

(2,33) e menos aínda na súa zona xeográfica (2,17). Da Universidade de Vigo, os aspectos mellor valorados son a reputación que esta consideran que ten na súa carreira (2,75), a satisfacción con elixila entre outras (2,72) e o orgullo de dicir a outros que estudan nela (2,68). É o grupo que menos valora ao profesorado (entre 2,78 e 2,82) e, ao centro universitario (entre 1,90 e 3,10), salvo ao considerar a existencia de prácticas con empresas ou institucións coordinadas por este, onde a valoración é similar á do grupo 3. Por último, respecto da súa contorna persoal, todas as valoracións son as máis baixas dos catro grupos, considerando que os contactos cos que contan poden axudarlles pouco a atopar traballo, xa sexan os persoais (2,18) ou os das redes sociais (1,88), aínda que a súa contorna lles transmitiron unha actitude favorable cara ao traballo (familiar con 3,33 e o resto de grupos con 3,01), e que dispoñen de flexibilidade horaria e xeográfica (3,44 e 3,40, respectivamente).

- Sobre os factores internos da percepción laboral, valoran a autoconfianza con puntuacións moi por baixo da media, considerando as súas calidades máis aló da formación e experiencia como atractivas para os futuros empregadores (3,37), aínda que teñen pouca confianza no éxito que esperan ter durante as entrevistas de traballo e os procesos de selección (2,51). Posúen unha elevada ambición, do mesmo xeito que o resto de grupos, aínda que a menor de todos, destacando o seu interese en conseguir un traballo que realmente lles guste e non un calquera (4,23). En xeral, a valoración das súas competencias é a máis baixa dos catro grupos, a excepción da capacidade para traballar ben en equipo (4,13) e para prestar atención aos detalles (4,16), para entender as necesidades dos demais (4,07), para coordinar actividades (3,84) e para planificar

tarefas (3,75). En canto á formación, son os que menores puntuacións mostran, salvo ao valorar que lles gustaría seguir formándose ao longo da súa vida (4,17), sendo esta puntuación superior á do grupo 3. Por último, en relación á procura de emprego, amosan as valoracións máis baixas dos catro grupos en todas as afirmacións, destacando o interese en resaltar as súas calidades nas entrevistas de traballo (3,84), en adaptar o seu currículo de acordo con cada traballo que soliciten (3,76) e en ir persoalmente a entregalo (3,75).

6. Bibliografía

Alonso, L.; Fernández-Rodríguez, S. J. y Nyssen, J. (2009). *El debate sobre las competencias: Una investigación cualitativa en torno a la educación superior y el mercado de trabajo en España*. Madrid: Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación.

Andrews, J. y Higson, H. (2008). Graduate employability, 'soft skills' versus 'hard' business knowledge: A European study. *Higher Education in Europe*, 33 (4), 411-422.

ANECA (2013). Guía de apoyo para la redacción, puesta en práctica y evaluación de los resultados del aprendizaje. En: [file:///C:/Users/usuario/Downloads/learningoutcomes_v02%20\(2\).pdf](file:///C:/Users/usuario/Downloads/learningoutcomes_v02%20(2).pdf) (Consultado el 14/03/2016).

Conchado, A. y Carot, J. M. (2013). Puntos fuertes y débiles en la formación por competencias según los graduados universitarios españoles. *Revista de Docencia Universitaria*, 11 (1), 429-446.

Conferencia de Bucarest (2012). El Espacio Europeo de Educación Superior en 2012: Informe sobre la implantación del Proceso de Bolonia.

En: http://eacea.ec.europa.eu/education/eurydice/documents/thematic_reports/138Es.pdf (Consultado el 10/05/2016).

Conferencia de Budapest (2010). Budapest-Vienna Declaration on the European Higher Education Area. En: http://www.utbildning.gu.se/digitalAssets/1301/1301527_Deklarationen.pdf (Consultado el 16/07/2016).

Conferencia de Ereván (2015). European Higher Education Area (EHEA), Ministerial Conference Yerevan. En: <http://bologna-yerevan2015.ehea.info/files/YerevanCommuniqueFinal.pdf> (Consultado el 16/07/2016).

Conferencia de Londres (2007). London Communiqué. Towards the European Higher Education Area: Responding to challenges in a globalised world. En: <https://www.eqar.eu/fileadmin/documents/bologna/London-Communique-18May2007.pdf> (Consultado el 13/04/2016).

Conferencia de Lovaina (2009). The Bologna Process 2020 - The European Higher Education Area in the new decade. Communiqué of the Conference of European Ministers Responsible for Higher Education. En: https://www.eurashe.eu/library/modernising-phe/Bologna_2009_Leuven-Communique.pdf (Consultado el 23/09/2015).

Connor, H. y Brown, R. (2009). *Value of Graduates: Employers' Perspective*. London: The Council for Industry and Higher Education.

Dacre, P. L.; Qualter, P. y Sewell, P.J. (2014). Exploring the factor structure of the Career EDG Employability development profile. *Education + Training*, 56 (4), 303-313.

Delgado, A. M.; Borges, R.; García, J.; Oliver, R. y Salomón, L. (2005). *Competencias y diseño de la evaluación continua y final en el Espacio Europeo de Educación Superior. Programa de estudios y análisis*. Madrid: Dirección General de Universidades, Ministerio de Educación y Ciencia.

Hair, J. F.; Anderson, R. E.; Tatham, R. L. y Black, W. C. (1999). *Análisis multivariante*. Madrid: Prentice Hall.

Harvey, L. (2000). New realities: The relationship between higher education and employment. *Tertiary Education and Management*, 6, 3-17.

Harvey, L. (2001). Defining and measuring employability. *Quality in Higher Education*, 7(1), 97-109.

Harvey, L.; Locke, W. y Morey, A. (2002). *Enhancing employability, recognizing diversity*. London: Universities UK.

Hernández-Fernaudo, E.; Ramos-Sapena, Y.; Negrín, F.; Ruiz-de la Rosa, C. y Hernández, B. (2011). Empleabilidad percibida y autoeficacia para la búsqueda de empleo en universitarios. *Revista de Psicología del Trabajo y de las Organizaciones*, 27(2), 131-142.

Hillage, J. y Pollard, E. (1998). *Employability: Developing a framework for policy analysis*. London: Department for Education and Employment.

Holland, S. (2006). Synthesis: A lifelong learning framework for graduate attributes. En P. Hager y S. Holland (Eds.), *Graduate attributes, learning and employability*. Dordrecht, The Netherlands: Springer.

Lévy, J. P. y Varela, J. (2003). *Análisis multivariable para las ciencias sociales*. Madrid: Pearson Educación.

Lybacka, K. (2015). Informe del Parlamento Europeo sobre el seguimiento de la aplicación del Proceso de Bolonia, Comisión de Cultura y Educación. En:http://www.europarl.europa.eu/meetdocs/2014_2019/documents/cult/pr/1049/1049173/1049173es.pdf (Consultado el 28/05/2016).

McQuaid, R.W. y Lindsay C. (2005). The concept of employability. *Urban Studies*, 42 (2), 197-219.

Ministerio de Educación, Cultura y Deporte (2011). Estrategia universidad 2015, contribución de la universidad al progreso socioeconómico español, 2010-2015, Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Secretaría General de Universidades.

Mourshed, M.; Farrell, D. y Barton, D. (2012). Education to employment: Designing a system that works, McKinsey Center for Government. En: http://www.compromisorse.com/upload/estudios/000/222/Education-to-Employment_FINAL.pdf (Consultado el 28/06/2016).

OECD (2016). Education at a Glance 2016: OECD Indicators, OECD Publishing.

En:<file:///C:/Users/Usuario%C3%A7/Downloads/Education%20at%20a%20Glance%202016.pdf> (Consultado el 12/03/2016).

Rothwell, A.; Herbert, I. y Rothwell, F. (2008). Self-perceived employability: Construction and initial validation of a scale for university students. *Journal of Vocational Behavior*, 73 (1), 1-12.

Rothwell, A.; Jewell, S. y Hardie, M. (2009). Self-perceived employability: Investigating the responses of post-graduate students. *Journal of Vocational Behavior*, 75 (2), 152-161.

- Sok, J.; Blome, R. y Tromp, D. (2013). The use of the psychological contract to explain self-perceived employability. *International Journal of Hospitality Management*, 34, 274-284.
- Tsui, A.S.; Pearce, J.L.; Porter, L.W. y Tripoli, A.M. (1997). Alternative approaches to the employee-organization relationship: does investment in employees pay off?. *Academy of Management Journal*, 40 (5), 1089-1121.
- Van der Heijden, C. y Van der Heijden B. (2006). A competence-based and multidimensional operationalization and measurement of employability. *Human Resource Management*, 45, 449-476.
- Wittekind, A.; Raeder, S. y Grote, G. (2010). A longitudinal study of determinants of perceived employability. *Journal of Organizational Behavior*, 31, 566-586.
- Yusof, H. M.; Mustapha, R.; Mohamad, S. A. y Bunian, M. S. (2012). Measurement model of employability skills using confirmatory factor analysis. *Procedia-Social and Behavioral Sciences*, 56, 348-356.

7. Anexos

7.1. ANEXO I: CUESTIONARIO (Galego)

Aclaracións:

A enquisa vai dirixida a estudantes de último curso de grao. Preservarase en calquera caso o anonimato d@s encuestad@s. Por favor, non deixe ningunha pregunta sen contestar porque iso anularía a enquisa.

1. Sobre o mercado laboral, penso que: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

Estudantes da miña carreira son moi demandados no mercado laboral					
Terminar o grao que estou estudando, supón unha vantaxe á hora de atopar traballo					
Podo atopar facilmente oportunidades de traballo no meu ámbito de estudos					
Na miña zona xeográfica hai demanda de graduad@s da carreira que estou a estudar					

2. Sobre a Universidade de Vigo: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
Penso que os empregadores están dispostos a contratar a graduad@s desta universidade					

Penso que os empregadores diríxense especialmente a esta universidade para contratar a graduad@s da miña carreira					
Considero que o status desta universidade axudame á hora de buscar emprego					
Esta universidade ten unha boa reputación na miña carreira					
Falo aos meus amigos desta universidade como unha gran universidade para estudar					
Eu síntome orgulloso de dicir a outras persoas que estou a estudar nesta universidade					
O funcionamento desta universidade (relación cos profesores, asistencia a clase, actividades complementarias,...) penso que me axudou nos meus resultados					
Eu estou moi content@ de elixir esta universidade respecto doutras que considere no momento en que ía comezar os meus estudos universitarios					
Preocúpame esta universidade e o seu futuro					

3. Sobre os profesores: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
En xeral, os profesores da miña carreira impartiron eficazmente os coñecementos					
En xeral, os profesores da miña carreira servíronme de axuda					
En xeral, teño unha boa valoración dos profesores da miña carreira					

4. Respecto do meu centro (facultade, escola,...): (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
Celébranse foros de emprego exclusivos para o centro					
Realízanse presentacións dos posibles empregadores no propio centro a través de conferencias, coloquios, ...					
Realízanse probas de selección por parte das empresas/institucións nas instalacións do centro					
Existen bolsas para realizar prácticas en empresas/institucións no estranxeiro					
Existen bolsas de traballo coordinadas polo centro con empresas/institucións					
Existen prácticas coordinadas polo centro con empresas/institucións					

5. En canto a miña contorna máis próxima: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
Teño contactos persoais que me poden axudar a atopar traballo					
Os meus contactos das redes sociais pódennme axudar a atopar traballo					
A miña contorna familiar transmitíume unha actitude positiva cara ao traballo					
Os grupos aos que pertenzo (universidade, asociacións deportivas, redes sociais,...) teñen unha percepción positiva cara ao traballo					
As miñas circunstancias persoais permítenme calquera quenda (mañá/tarde) nun posible traballo					
As miñas circunstancias persoais permítenme trasladarme a vivir a outra cidade por un posible traballo					

6. Considero que: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
Calquera co meu nivel de habilidades e coñecementos sería demandado no mercado laboral					
Á marxe da miña formación e experiencia laboral, teño características que poden atraer a distintas empresas/institucións					
Creo que podería ter calquera traballo se as miñas habilidades e experiencia sexan as requiridas para ese posto					
Conseguir un traballo hoxe en día é difícil, pero creo que o lograrei					
Estou seguro de que vou atopar traballo de un modo sinxelo se empezo a buscar					
Teño confianza en que terei éxito durante as entrevistas de traballo e os procesos de selección					
Creo que me desenvolvería ben no meu primeiro día de traballo					
No caso de quedarme sen traballo, penso que podería atopar de inmediato un traballo de igual valor					
Se non estivese contento co meu traballo, penso que podería atopar de inmediato un traballo de igual valor					
Quen me coñece cren que teño boas perspectivas laborais					

7. En canto aos meus obxectivos: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
Quero conseguir un traballo que realmente me guste, e non un calquera					

Teño claro cales son as miñas metas na vida					
Considérome ambicioso					
Creo que é urxente progresar na miña carreira profesional					
Quero traballar en algo que teña un efecto importante na sociedade					

8. Neste momento creo que teño capacidade para: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
Traballar ben en equipo					
Traballar ben de forma independente					
Redactar informes ou documentos					
Escribir de forma metódica e clara					
Expresar verbalmente as miñas ideas a outros					
Interactuar con persoas de diferentes orixes culturais, relixións e etnias					
Realizar presentacións orais					
Escribir e falar en idiomas estranxeiros					
Traballar baixo presión					
Usar o tempo de forma efectiva					
Planificar as miñas tarefas					
Coordinar actividades					
Achegar novas ideas					
Enfrontarme a situacións non esperadas					
Adaptarme facilmente a novas situacións					
Conseguir información para resolver problemas					
Negociar e chegar a acordos mantendo as formas					
Mobilizar as capacidades doutros					
Facer valer a miña autoridade					
Cuestionar ideas propias ou alleas					
Demostrar as miñas calidades aos demais					
Convencer aos empregadores potenciais do que eu vallo					

9. En canto a miña persoa: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
Son unha persoa responsable					
Son capaz de controlar as miñas emocións					
Sei como me sinto en cada momento					
Presto atención aos detalles					
Penso dun modo analítico					
Entendo as necesidades dos demais					

Son bo na resolución de problemas					
Resúltame fácil adquirir novos coñecementos					
Reflexiono antes de tomar decisións					
Teño boa predisposición a aceptar responsabilidades					
Intento corrixir as miñas debilidades dunha forma sistemática					

10. En canto aos meus estudos: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
Consigo altas cualificacións					
Estou satisfeito co meu rendemento académico ata o momento					
Considero que cos coñecementos da carreira podoo acceder a traballos moi diversos					
Gustaríame seguir formándome ao longo da miña vida					
Responsabilízome de manter e mellorar os meus coñecementos fóra do centro universitario					
Teño coñecementos doutras áreas de estudo diferentes aos da miña carreira					
Domino a miña área de estudos					
Considero o meu traballo académico unha prioridade					

11. No que respecta a un posible emprego: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
Sei o que quero facer cando remate a carreira					
Sei o que se require para conseguir o traballo que quero ter					
Sei onde atopar información acerca dos traballos que me interesan					
Sei que tipo de traballos se adaptan á miña personalidade					
Ademais de diñeiro, sei o que quero da miña vida laboral					
Penso que poderei poñer en práctica, no futuro, as habilidades adquiridas na miña carreira					
Para decidir onde me gustaría traballar, teño en conta a oferta do mercado externo					
Creo que coñezo ben os medios que existen para buscar emprego					
Sei elaborar un currículo vitae					
Creo que debo adaptar o meu currículo de acordo coas características de cada oferta de traballo					
Penso ir en persoa ás empresas/institucións nas que me gustaría traballar					
Preguntarei as miñas dúbidas durante unha entrevista de traballo					
Nun proceso de selección resaltarei as miñas calidades					

IMPORTANTE: Contestar á seguinte pregunta só en caso de ter experiencia laboral (con independencia do tipo de contrato: prácticas, temporal, por obra, indefinido,...)

12. En canto á miña experiencia laboral: (sendo 1 moi en desacordo e 5 moi de acordo)

	1	2	3	4	5
Está relacionada coa miña carreira					
Fixo que conseguise un bo traballo					
Valóroa de xeito positivo					
Permitíume aplicar dun modo práctico os coñecementos da miña carreira					
Grazas a ela, aprendín moito					

13. Datos de perfil a efectos estatísticos:

a) Titulación: _____

b) Centro: _____

c) Campus: _____

d) Anos no grao:

☐ Menos de 4

☐ 4

☐ Máis de 4

e) Situación actual: (pódense marcar ambas)

☐ Estudante

☐ Traballador

f) Experiencia laboral:

☐ Si

☐ Non

g) Xénero:

☐ H

☐ M

h) Ano de nacemento: _____

Grazas pola súa colaboración

7.2. ANEXO II: CUESTIONARIO (Castelán)

Aclaraciones:

La encuesta va dirigida a estudiantes de último curso de grado.

Se preservará en cualquier caso el anonimato de l@s encuestad@s.

Por favor, no deje ninguna pregunta sin contestar porque eso anularía la encuesta.

1. Sobre el mercado laboral, pienso que: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Estudiantes de mi carrera son muy demandados en el mercado laboral					
Terminar el grado que estoy estudiando, supone una ventaja a la hora de encontrar trabajo					
Puedo encontrar fácilmente oportunidades de trabajo en mi ámbito de estudios					
En mi zona geográfica hay demanda de graduad@s de la carrera que estoy estudiando					

2. Sobre la Universidad de Vigo: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Pienso que los empleadores están dispuestos a contratar a graduad@s de esta universidad					
Pienso que los empleadores se dirigen especialmente a esta universidad para contratar a graduad@s de mi carrera					
Considero que el estatus de esta universidad me ayudará a la hora de buscar empleo					
Esta universidad tiene una buena reputación en mi carrera					
Hablo a mis amigos de esta universidad como una gran universidad para estudiar					
Yo me siento orgullos@ de decir a otras personas que estoy estudiando en esta universidad					
El funcionamiento de esta universidad (relación con los profesores, asistencia a clase, actividades complementarias...) pienso que me ha ayudado en mis resultados					
Yo estoy muy content@ de haber elegido esta universidad respecto a otras que consideré en el momento en que iba a comenzar mis estudios universitarios					
Pienso que esta universidad es una de las mejores universidades en las que puedo estudiar					
Me preocupa esta universidad y su futuro					

3. Sobre los profesores: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
En general, los profesores de mi carrera han impartido eficazmente los conocimientos					
En general, los profesores de mi carrera me han servido de ayuda					
En general, tengo una buena valoración de los profesores de mi carrera					

4. Respecto a mi centro (facultad, escuela,...): (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Se celebran foros de empleo exclusivos para el centro					
Se realizan presentaciones de los posibles empleadores en el propio centro a través de conferencias, coloquios, ...					
Se realizan pruebas de selección por parte de las empresas/instituciones en las instalaciones del centro					

Existen becas para realizar prácticas en empresas/instituciones en el extranjero					
Existen bolsas de trabajo coordinadas por el centro con empresas/instituciones					
Existen prácticas coordinadas por el centro con empresas/instituciones					

5. En cuanto a mi entorno más próximo: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Tengo contactos personales que me pueden ayudar a encontrar trabajo					
Mis contactos de las redes sociales me pueden ayudar a encontrar trabajo					
Mi entorno familiar me ha transmitido una actitud positiva hacia el trabajo					
Los grupos a los que pertenezco (universidad, asociaciones deportivas, redes sociales,...) tienen una percepción positiva hacia el trabajo					
Mis circunstancias personales me permiten en cualquier turno (mañana/tarde) en un posible trabajo					
Mis circunstancias personales me permiten trasladarme a otra ciudad por un posible trabajo					

6. Considero que: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Cualquiera con mi nivel de habilidades y conocimientos sería demandado en el mercado laboral					
Al margen de mi formación y experiencia laboral, tengo características que pueden atraer a distintas empresas/instituciones					
Creo que podría tener cualquier trabajo siempre y cuando mis habilidades y experiencia sean las requeridas para ese puesto					
Conseguir un trabajo hoy en día es difícil, pero creo que lo lograré					
Estoy seguro de que voy a encontrar trabajo fácilmente si empiezo a buscar					
Tengo confianza en que tendré éxito durante las entrevistas de trabajo y los procesos de selección					
Creo que me desenvolvería bien en mi primer día de trabajo					
En caso de quedarme sin trabajo, pienso que podría encontrar de inmediato un trabajo de igual valor					
Si no estuviese contento con mi trabajo, pienso que podría encontrar de inmediato un trabajo de igual valor					
Quienes me conocen creen que tengo buenas perspectivas laborales					

7. En cuanto a mis objetivos: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Quiero conseguir un trabajo que realmente me guste, y no uno cualquiera					
Tengo claro cuáles son mis metas en la vida					
Me considero ambicioso					
Creo que es urgente progresar en mi carrera profesional					
Quiero trabajar en algo que tenga un efecto importante en la sociedad					

8. En este momento creo que tengo capacidad para: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Trabajar bien en equipo					
Trabajar bien de forma independiente					
Redactar informes o documentos					
Escribir de forma metódica y clara					
Expresar verbalmente mis ideas a otros					
Interactuar con personas de diferentes orígenes culturales, religiones y etnias					
Realizar presentaciones orales					
Escribir y hablar en idiomas extranjeros					
Trabajar bajo presión					
Usar el tiempo de forma efectiva					
Planificar mis tareas					
Coordinar actividades					
Aportar nuevas ideas					
Enfrentarme a situaciones no esperadas					
Adaptarme fácilmente a nuevas situaciones					
Conseguir información para resolver problemas					
Negociar y llegar a acuerdos manteniendo las formas					
Movilizar las capacidades de otros					
Hacer valer mi autoridad					
Cuestionar ideas propias o ajenas					
Demstrar mis cualidades a los demás					
Convencer a los empleadores potenciales de lo que yo valgo					

9. En cuanto a mi persona: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Soy una persona responsable					
Soy capaz de controlar mis emociones					
Sé cómo me siento en cada momento					
Presto atención a los detalles					
Pienso de un modo analítico					
Entiendo las necesidades de los demás					
Soy bueno en la resolución de problemas					
Me resulta fácil adquirir nuevos conocimientos					
Reflexiono antes de tomar decisiones					
Tengo buena predisposición a aceptar responsabilidades					
Intento corregir mis debilidades de una forma sistemática					

10. En cuanto a mis estudios: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Consigo altas calificaciones					
Estoy satisfecho con mi rendimiento académico hasta el momento					
Considero que con los conocimientos de la carrera puedo acceder a trabajos muy diversos					
Me gustaría seguir formándome a lo largo de mi vida					
Me responsabilizo de mantener y mejorar mis conocimientos fuera del centro universitario					
Tengo conocimientos de otras áreas de estudio diferentes a los de mi carrera					
Domino mi área de estudios					
Considero mi trabajo académico una prioridad					

11. En lo que respecta a un posible empleo: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Sé lo que quiero hacer cuando termine la carrera					
Sé lo que se requiere para conseguir el trabajo que quiero tener					
Sé dónde encontrar información acerca de los trabajos que me interesan					
Sé qué tipo de trabajos se adaptan a mi personalidad					
Además de dinero, sé lo que quiero de mi vida laboral					

Pienso que podré poner en práctica, en el futuro, las habilidades aprendidas en mi carrera					
Para decidir donde me gustaría trabajar, tengo en cuenta la oferta del mercado externo					
Creo que conozco bien los medios que existen para buscar empleo					
Sé elaborar un currículum vitae					
Creo que debo adaptar mi currículum de acuerdo con las características de cada oferta de trabajo					
Pienso ir en persona a las empresas/instituciones en las que me gustaría trabajar					
Preguntaré mis dudas durante una entrevista de trabajo					
En un proceso de selección resaltaré mis cualidades					

IMPORTANTE: Contestar la siguiente pregunta solo en caso de tener experiencia laboral (con independencia del tipo de contrato: prácticas, temporal, por obra, indefinido,...)

12. En cuanto a mi experiencia laboral: (siendo 1 muy en desacuerdo y 5 muy de acuerdo)

	1	2	3	4	5
Está relacionada con mi carrera					
Ha hecho que consiguiese un buen trabajo					
La valoro de manera positiva					
Me ha permitido aplicar de un modo práctico los conocimientos de mi carrera					
Gracias a ella, he aprendido mucho					

13. Datos de perfil a efectos estadísticos:

a) Titulación: _____

b) Centro: _____

c) Campus: _____

d) Años en el grado:

☐ Menos de 4

☐ 4

☐ Más de 4

e) Situación actual: (se pueden marcar ambas)

☐ Estudiante

☐ Trabajador

f) Experiencia laboral:

☐ Si

☐ No

g) Género:

☐ H

☐ M

h) Año nacimiento: _____

Gracias por su colaboración

Consello Social
Universidade de Vigo